



ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL
MARIÑAS-BETANZOS

PROGRAMA LEADER 2007-2013

MEMORIA ANUAL DE ACTIVIDADES ANO 2010



FEADER:
Europa inviste no rural



INDICE:

1. INTRODUCCIÓN

2. ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL “MARIÑAS - BETANZOS”

2.1. Órganos de goberno

2.1.1. Asemblea Xeral

2.1.2. Mesas Sectoriais

2.1.3. Xunta Directiva

2.2. Altas e baixas de entidades durante o ano 2010

2.3. Convenios de colaboración asinados con outras entidades durante o ano 2010

2.4. Axudas recibidas durante o ano 2010

- Obra Social Caixa Galicia
- Deputación Provincial da Coruña
- Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas

2.5. Outras axudas solicitadas durante o ano 2010

2.6. Outras actividades da Asociación:

2.6.1. Participación na campaña “Vive o Mandeo” dentro do Programa MANDEO.

2.6.2. Participación na campaña “Reciclaxe de móbiles para protexer os ecosistemas africanos”.

2.6.3. Elaboración material promocional: Mapa turístico Mariñas - Betanzos.

2.6.4. Colaboración co Grupo de Acción Costeira “Golfo Ártabro”

2.6.5. Mesas da Auga – Participación Pública Activa

3. PROGRAMA LEADER 2007-2013

3.1. Introducción

3.2. Actividades de difusión do Programa LEADER, ano 2010

3.2.1. Reunións informativas nos concellos do ámbito territorial.

3.2.2. Outras actividades de divulgación do Programa LEADER

3.2.3. Asistencia a feiras: Divulgación do Programa LEADER

3.3. Compromiso cadro financeiro. Programa LEADER 2007-2013

3.4. Proxectos presentados ano 2010 Programa LEADER.

3.5. Proxectos aprobados pola Xunta Directiva no ano 2010 Programa LEADER.

3.6. Proxectos aprobados. Fondos executados no ano 2010

3.7. Proxectos rematados no ano 2010.

3.8. Alegacións modificación Réxime de Axudas.

4. ASOCIACIÓN GALEGA DE GRUPOS DE DESENVOLVEMENTO RURAL

5. CANDIDATURA PROGRAMA LIFE “GESTIÓN INTEGRADA DEL LITORAL EN EL GOLFO ÁRTABRO”

6. RESERVAS DA BIOSFERA

7. PROGRAMAS DE COOPERACIÓN CON OUTROS GRUPOS DE DESENVOLVEMENTO RURAL

8. MEMORIA ECONÓMICA 2010

9. BOLETÍNS DE DIFUSIÓN

10. DOSSIER DE PRENSA

1. INTRODUCCIÓN

Como cada ano presentamos a memoria de actuacións do noso Grupo de Desenvolvemento Rural, e como xa é habitual, témonos esforzado en superar as expectativas planeadas, tentando acadar os obxectivos formulados no inicio da anualidade.

En número de entidades asociadas ó noso Grupo seguimos crescendo e xa somos 122 entidades, que esperamos siga crescendo, e poder avanzar nun dos nosos obxectivos prioritarios: artellar o territorio, coordinarnos, é como non, seguir traballando coas mesas sectoriais.

Tamén debemos sinalar que a Asociación “Mariñas – Betanzos” ten comezado a presidir a **Asociación de Grupos de Desenvolvemento Rural de Galicia**, onde están asociados os 31 Grupos de Desenvolvemento Rural da Comunidade Autónoma. Esta Asociación pretende actuar como elemento coordinador entre os GDR, coa finalidade de acadar o desenvolvemento do rural, así como actuar de interlocutor de todos os Grupos entre os distintos actores.

Dentro do **Programa LEADER**, podemos destacar o número de solicitudes de axuda que teñen entrado na nosa Oficina técnica, facendo unha valoración positiva, é máis na conxuntura económica actual. Así neste ano teñen entrado 38 solicitudes, dos que a Xunta Directiva ten aprobado 18 expedientes, estando totalmente rematados e pagados cinco deles e estando certificados parcialmente outros once proxectos.

Este ano, tamén grazas á colaboración de diferentes entidades se puxeron en marcha outros proxectos á marxe do Programa LEADER entre os que podemos destacar o de **“Compostaxe doméstica na Comarca de Betanzos”**, que ten unha axuda da Consellería de Medio Ambiente para poñer en marcha esta iniciativa nos Concellos de Irixoa, Paderne, Coirós, Oza dos Ríos e Miño. O proxecto ten como obxectivo principal o de experimentar o funcionamento da compostaxe doméstica en diferentes tipoloxías de vivendas nos termos municipais participantes no proxecto.

Dende a Deputación da Coruña, nos teñen concedido unha subvención para o **“Estudio para a posta en valor da Vía XX -A Per Loca Marítima nas Mariñas Coruñesas”**, consistente na elaboración dun estudo de base co obxecto de identificar o camiño da Vía XX polo ámbito territorial de Mariñas – Betanzos. A Obra Social da Caixa Galicia nos ten concedido unha axuda para a realización de xornadas de divulgación do Programa LEADER e elaboración dos Boletíns informativos da Asociación, que comezamos a principios deste ano 2010.

Con respecto ós Programas de Cooperación con outros Grupos de Desenvolvemento Rural, solicitamos ó *Ministerio de Medio Ambiente, Rural y Marino* como Grupo coordinador o Proxecto REDEAC II, proxecto que foi denegado. Aínda así, Mariñas-Betanzos participa como socio do proxecto de cooperación do Ministerio **“Novos Horizontes 2010-2013”** coordinado polo A.D.R. Comarca de Ordes e que ten como obxectivos identificar, ensaiar e difundir cultivos tradicionais e novas producións que poidan xerar emprego agrario, conectando estas producións con demandantes de emprego e cos mercados.

Por outra banda, Mariñas-Betanzos participa nunha candidatura ó Programa LIFE tendo como socios a Augas de Galicia, á Consellería do Mar, o Intecmar, así como varias micropemes do sector (Antonio Muíños, Rosa Mirás, Algafrés e Galibait Cebos Vivos). Esta candidatura denominada **“Gestión Integrada del litoral en el Golfo Ártabro, como herramienta para aplicar la Directiva Marco del Agua-“Gilga Project” (2012-2015)”**, tendo como obxectivo validar a metodoloxía de xestión integrada de zonas costeiras na posta en marcha do Programa de medidas do Plan Hidrolóxico emanado da Directiva Marco da Auga no litoral do Golfo Ártabro, incorporando outros compoñentes que permitan avanzar no desenvolvemento da Directiva Marco sobre a Estratexia Mariña.

Sinalar tamén que tres alumnos de cursos de formación do Concello de Cambre fixeron as súas prácticas, grazas a un convenio asinado entre Mariñas-Betanzos co propio Concello de Cambre.

Dende Mariñas-Betanzos temos cooperado neste ano 2010 co Grupo de Acción Costeira “Golfo Ártabro”, organizando tres seminarios dirixidos principalmente a representantes e persoal técnico de Grupos de Acción Costeira e Grupos de Desenvolvemento Rural, co obxectivo de responder ás demandas do sector costeiro, que levan traballando dende o 2008 nas propostas do Plan Estratéxico Zonal do Grupo de Acción Costeira “Golfo Ártabro”.

Sinalar o esforzo por coordinar actuacións no ámbito do medio ambiente co Programa Mandeo, participando en diferentes Comisións de seguimento, así como na campaña “Vive o Mandeo” dentro do programa do mesmo nome.

Tamén co CEIDA, estamos a participar na campaña “Reciclaxe de móbiles para protexer os ecosistemas africanos”, lembrando que podedes adherirvos cando queirades. No eido do turismo temos editado un novo mapa turístico do territorio, con información dos dezaseis concellos do noso ámbito territorial.

Por último, para o ano 2011 esperamos continuar a desenvolver as diferentes liñas de traballo en marcha, así como contar co apoio de cada vez máis organizacións co obxectivo de acadar un rural próspero e con máis oportunidades, especialmente para os máis mozos/as, orgullosos do noso, das nosas variedades locais, dos nosos usos e costumes, da nosa paisaxe e gastronomía....

O Presidente e a súa Xunta Directiva

Abegondo, febreiro de 2011

2. ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL “MARIÑAS – BETANZOS”

A Asociación de Desenvolvemento Rural “Mariñas – Betanzos” constituíse en xullo do 2008 como Grupo de Desenvolvemento Rural coa finalidade de ser o núcleo de integración e representación dos diferentes axentes territoriais, institucionais, sociais e económicos, tanto públicos como privados, interesados en promover o desenvolvemento do territorio de actuación.

Esta Asociación recolle a testemuña dos traballos en prol do desenvolvemento rural avanzados pola Fundación Comarcal de Betanzos e a Asociación Terra das Mariñas durante o período 2000-2006, na xestión dos Programas AGADER e PRODER II respectivamente. A Asociación ten como ámbito de actuación os municipios de Abegondo, Aranga, Arteixo, Bergondo, Betanzos, Cambre, Carral, Cesuras, Coirós, Culleredo, Miño, Irixoa, Oleiros, Oza dos Ríos, Paderne e Sada.

Durante o ano 2008 foi elaborada a “Estratexia de desenvolvemento rural 2007-2013”, de xeito participativo por todas as entidades do territorio que así o quixeron. Esta estratexia de desenvolvemento concibida pola Asociación ten como obxectivo final a valorización do territorio, incidindo na mellora da calidade de vida da poboación local a partir da valorización do patrimonio natural, cultural e do fomento da cohesión social.

Dende finais do ano 2008 a Asociación Mariñas-Betanzos está a xestionar o Programa LEADER Galicia 2007-2013.

2.1. ORGANOS DE GOBERNO

A Asociación de Desenvolvemento Rural “Mariñas – Betanzos” réxese por unha Asemblea Xeral, organizada en Mesas Sectoriais, e unha Xunta Directiva elixida pola Asemblea.

2.1.1. A Asemblea Xeral

A Asemblea Xeral é o máximo órgano de decisión da Asociación e está integrada por todas as entidades que forman parte dela. A Asemblea Xeral reúnese con carácter ordinario unha vez ó ano co obxecto de avaliar o funcionamento de “Mariñas – Betanzos”, aprobar as contas anuais así como os orzamentos para o vindeiro ano.

RELACIÓN REUNIÓN CELEBRADAS POLA ASEMBLEA XERAL DURANTE O ANO 2010

DATA	LUGAR	ORDE DO DÍA
12/04/2010	Local Social de A Senra (Bergondo)	1. Aprobación de actividades desenvolvidas e das contas anuais do ano 2009. 2. Orzamento para o ano 2010. 3. Presentación traballo Candidatura Reserva da Biosfera Programa MaB 4. Proposta e aprobación dunha cota periódica ós asociados (Concellos). 5. Ratificación de adhesión á Asociación de Grupos de Desenvolvemento Rural de Galicia. 6. Rogos e Preguntas



LISTADO DE ENTIDADES ASOCIADAS

ENTIDADE	CONCELLO	MESA SECTORIAL
CONCELLO DE ABEGONDO	ABEGONDO	ADMINISTRACIÓNS LOCAIS
CONCELLO DE ARANGA	ARANGA	ADMINISTRACIÓNS LOCAIS
CONCELLO DE ARTEIXO	ARTEIXO	ADMINISTRACIÓNS LOCAIS
CONCELLO DE BERGONDO	BERGONDO	ADMINISTRACIÓNS LOCAIS
CONCELLO DE BETANZOS	BETANZOS	ADMINISTRACIÓNS LOCAIS
CONCELLO DE CAMBRE	CAMBRE	ADMINISTRACIÓNS LOCAIS
CONCELLO DE CARRAL	CARRAL	ADMINISTRACIÓNS LOCAIS
CONCELLO DE CESURAS	CESURAS	ADMINISTRACIÓNS LOCAIS
CONCELLO DE COIRÓS	COIROS	ADMINISTRACIÓNS LOCAIS
CONCELLO DE CULLEREDO	CULLEREDO	ADMINISTRACIÓNS LOCAIS
CONCELLO DE IRIXOA	IRIXOA	ADMINISTRACIÓNS LOCAIS
CONCELLO DE MIÑO	MIÑO	ADMINISTRACIÓNS LOCAIS
CONCELLO DE OLEIROS	OLEIROS	ADMINISTRACIÓNS LOCAIS
CONCELLO DE OZA DOS RÍOS	OZA DOS RÍOS	ADMINISTRACIÓNS LOCAIS
CONCELLO DE PADERNE	PADERNE	ADMINISTRACIÓNS LOCAIS
CONCELLO DE SADA	SADA	ADMINISTRACIÓNS LOCAIS
ASOCIACION MARINEDA DE JÓVENES EMPRESARIOS	A CORUÑA	ASOCIACIONS EMPRESARIOS
FEDERACIÓN PROVINCIAL DE ASOCIACIONES COMARCALES DE EMPRESARIAS, PROFESIONALES Y EMPRENDEDORAS DE A CORUÑA (FEDACEPE)	A CORUÑA	ASOCIACIONS EMPRESARIOS
ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DEL POLÍGONO DE SABÓN - ARTEIXO	ARTEIXO	ASOCIACIÓNS EMPRESARIOS
ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE BERGONDO	BERGONDO	ASOCIACIÓNS EMPRESARIOS
ASOCIACION DE EMPRESARIOS/AS DE CAMBRE	CAMBRE	ASOCIACIÓNS EMPRESARIOS
ASOCIACION DE EMPRESARIOS POLIGONO DE COIRÓS	COIRÓS	ASOCIACIÓNS EMPRESARIOS
ASOCIACION EMPRESARIOS DE CULLEREDO	CULLEREDO	ASOCIACIÓNS EMPRESARIOS
ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES DE CULLEREDO	CULLEREDO	ASOCIACIÓNS EMPRESARIOS
ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E EMPRESARARIOS DE BETANZOS (ACEBE)	BETANZOS	ASOCIACIÓNS EMPRESARIOS
ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE MIÑO	MIÑO	ASOCIACIÓNS EMPRESARIOS
FEDERACIÓN DE ASOCIACIONES EMPRESARIALES DE AS MARIÑAS	CULLEREDO	ASOCIACIÓNS EMPRESARIOS
VAL DE ARANGA ASOCIACIÓN CULTURAL E DEPORTIVA	ARANGA	ASOCIACIONS DEPORTIVAS, RECREATIVAS, VECIÑAIS, CULTURAI E ANPAS (D.R.V.C.A.)
CLUB HAN´S HORANG-I	BETANZOS	ASOCIACIONS D.R.V.C.A.
ASOCIACION CULTURAL CULTURA ABERTA DE CARRAL	CARRAL	ASOCIACIONS D.R.V.C.A.
ASOCIACIÓN DE VECIÑOS "SAN PEDRO DE BORRIFÁNS"	CESURAS	ASOCIACIONS D.R.V.C.A.
ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE CUTIÁN	CESURAS	ASOCIACIONS D.R.V.C.A.
ASOCIACIÓN DE VECIÑOS "SAN MARTÍN DE SÉSAMO"	CULLEREDO	ASOCIACIONS D.R.V.C.A.
ASOCIACION RECREATIVA E CULTURAL "O CRUCEIRO DE CELAS"	CULLEREDO	ASOCIACIONS D.R.V.C.A.
ASOCIACION CULTURAL E DEPORTIVA SAN COSME	CULLEREDO	ASOCIACIONS D.R.V.C.A.
ASOCIACIÓN DE VECIÑOS SAN TIRSO DE AMBROA	IRIXOA	ASOCIACIONS D.R.V.C.A.
ASOCIACIÓN DE VECIÑOS "A IRMANDADE DE BEMANTES"	MIÑO	ASOCIACIONS D.R.V.C.A.
ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE CIS	OZA DOS RÍOS	ASOCIACIONS D.R.V.C.A.
SOCIEDAD CULTURAL, RECREATIVA Y DEPORTIVA "A ROSEIRA"	PADERNE	ASOCIACIONS D.R.V.C.A.
ASOCIACION DE VECIÑOS PARROQUIAL SANTA MARÍA DE SOUTO	PADERNE	ASOCIACIONS D.R.V.C.A.
ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE SAN PANTALEON DAS VIÑAS	PADERNE	ASOCIACIONS D.R.V.C.A.
ASOCIACION DE VECIÑOS "SAN ESTEBO DE QUINTAS"	PADERNE	ASOCIACIONS D.R.V.C.A.
ASOCIACION O RABO DO GALO	PADERNE	ASOCIACIONS D.R.V.C.A.
CLUB DE REMO MARIÑEIRO FONTAN - SADA	SADA	ASOCIACIONS D.R.V.C.A.
CENTRO CULTURAL DEPORTIVO DE XESTOSO-CAMBÁS	ARANGA	ASOCIACIONS D.R.V.C.A.
CONSELLO DE ANCIÁNS DE XESTOSO-CAMBÁS	MONFERO	ASOCIACIONS D.R.V.C.A.
ASOCIACION DE VECIÑOS "ANDURIÑA DE CALLOBRE"	MIÑO	ASOCIACIONS D.R.V.C.A.
ASOCIACIÓN DE VECIÑOS SAN ANTÓN DE DEXO	OLEIROS	ASOCIACIONS D.R.V.C.A.
ASOCIACION DE VECIÑOS ALBEIRO DE VELOUZAS	PADERNE	ASOCIACIONS D.R.V.C.A.

ENTIDADE	CONCELLO	MESA SECTORIAL
ASOCIACIÓN DE VECIÑOS "SAN PEDRO DE CAMBÁS"	ARANGA	ASOCIATIONS D.R.V.C.A.
ASOCIACIÓN DE VECIÑOS "SAN ESTEBAN DE MORÁS"	ARTEIXO	ASOCIATIONS D.R.V.C.A.
ASOCIACION RIO LAMBRE DE VECIÑOS PONTE DO PORCO - MIÑO	MIÑO	ASOCIATIONS D.R.V.C.A.
ASOCIACIÓN CULTURAL A FULIADA	BETANZOS	ASOCIATIONS D.R.V.C.A.
ASOCIACIÓN DE AMAS DE CASA, CONSUMIDORES Y USUARIOS DE ABEGONDO	ABEGONDO	ASOCIATIONS E COLECTIVOS DE MULLERES
ASOCIACION ELAS	BERGONDO	ASOCIATIONS E COLECTIVOS DE MULLERES
ASOCIACIÓN DE MULLERES RURAIS "PEDRAS BRANCAS"	BERGONDO	ASOCIATIONS E COLECTIVOS DE MULLERES
ASOCIACIÓN DE MULLERES RURAIS LIAFAIL	BETANZOS	ASOCIATIONS E COLECTIVOS DE MULLERES
ASOCIACIÓN DE MULLERES RURAIS ANTONIA DANS	CAMBRE	ASOCIATIONS E COLECTIVOS DE MULLERES
ASOCIACIÓN DE MULLERES RURAIS DE CESURAS	CESURAS	ASOCIATIONS E COLECTIVOS DE MULLERES
MEIGAS, ASOCIACION SOCIOCULTURAL DE MULLERES	SADA	ASOCIATIONS E COLECTIVOS DE MULLERES
ASOCIACIÓN COORDENADORA NACIONAL GALEGA DA MARCHA MUNDIAL DAS MULLERES	VIGO	ASOCIATIONS E COLECTIVOS DE MULLERES
ASOCIACIÓN DE MULLERES DO CAMPO DE CAMBÁS	ARANGA	ASOCIATIONS E COLECTIVOS DE MULLERES
ASOCIACIÓN DE REDEIRAS DE LORBÉ	OLEIROS	ASOCIATIONS E COLECTIVOS DE MULLERES
ASOCIACIÓN DE CAZADORES DE ABEGONDO	ABEGONDO	ASOCIATIONS MEDIOAMBIENTAIS
ASOCIACION CULTURAL DEPORTIVA POLOS CAMIÑOS DE ARTEIXO	ARTEIXO	ASOCIATIONS MEDIOAMBIENTAIS
ASOCIACIÓN GALEGA FORMACIÓN ENTORNO MULLER SOLIDARIDADE (AGAFAMES)	BETANZOS	ASOCIATIONS MEDIOAMBIENTAIS
CLUBE ATLETISMO AS MARIÑAS	BETANZOS	ASOCIATIONS MEDIOAMBIENTAIS
CLUB CICLISTA DE CAMBRE FRISONOBLE	CAMBRE	ASOCIATIONS MEDIOAMBIENTAIS
CLUB AGRUPACIÓN DEPORTIVA E TEMPO LIBRE "A PEDROSA"	CULLEREDO	ASOCIATIONS MEDIOAMBIENTAIS
ASOCIACIÓN BAIXOI	MIÑO	ASOCIATIONS MEDIOAMBIENTAIS
ASOCIACION CULTURAL LIBRE DE PADERNE ROXIN ROXAL	PADERNE	ASOCIATIONS MEDIOAMBIENTAIS
ASOCIACIÓN PROFESIONAL XORNAGA	SANTIAGO	ASOCIATIONS MEDIOAMBIENTAIS
ASOCIACION CULTURAL E DE MEDIO AMBIENTE ALBOIO	BETANZOS	ASOCIATIONS MEDIOAMBIENTAIS
ASOCIACION PROTECTORA DE ANIMAIS GATOCAN	SADA	ASOCIATIONS MEDIOAMBIENTAIS
ASOCIACIÓN PARA A DEFENSA ECOLÓXICA DE GALICIA (ADEGA)	A CORUÑA	ASOCIATIONS MEDIOAMBIENTAIS
ASOCIACION XUVENTUDE E NATUREZA	ABEGONDO	ASOCIATIONS XUVENÍS
ASOCIACIÓN GASTRONÓMICA, CULTURAL, DEPORTIVA E XUVENIL "LAR DE UNTA"	BETANZOS	ASOCIATIONS XUVENÍS
ASOCIACIÓN PRO ENFERMOS MENTALES (APEM)	A CORUÑA	C. INTERESE SOCIAL, DISCAPACIDADE E ONG´S
ASOCIACIÓN ASPRONAGA	A CORUÑA	C. INTERESE SOCIAL, DISCAPACIDADE E ONG´S
ASOCIACIÓN DE PADRES PARA LA FORMACIÓN DE JÓVENES LÍMITE	A CORUÑA	C. INTERESE SOCIAL, DISCAPACIDADE E ONG´S
FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS DE MINUSVÁLIDOS DA PROVINCIA DE A CORUÑA (COGAMI-CORUÑA)	A CORUÑA	C. INTERESE SOCIAL, DISCAPACIDADE E ONG´S
ASOCIACION ECOS DO SUR (ONG)	A CORUÑA	C. INTERESE SOCIAL, DISCAPACIDADE E ONG´S
FUNDACIÓN INDALI	CAMBRE	C. INTERESE SOCIAL, DISCAPACIDADE E ONG´S
LIMCO, S. COOP. GALLEGA INTERES SOCIAL	CAMBRE	C. INTERESE SOCIAL, DISCAPACIDADE E ONG´S
PLATAFORMA REPRESENTATIVA ESTATAL DE DISCAPACITADOS FÍSICOS DE GALICIA (PREDIF-GALICIA)	CAMBRE	C. INTERESE SOCIAL, DISCAPACIDADE E ONG´S
ASOCIACIÓN MESTURA PARA LA INTEGRACIÓN SOCIAL DE LOS INMIGRANTES Y EMIGRANTES	CULLEREDO	C. INTERESE SOCIAL, DISCAPACIDADE E ONG´S
ASOCIACIÓN DE PARAPLÉJICOS Y GRANDES MINUSVÁLIDOS DE GALICIA (ASPAYM GALICIA)	BERGONDO	C. INTERESE SOCIAL, DISCAPACIDADE E ONG´S
ASOCIACION DE PADRES DE PERSONAS CON PARALISIS CEREBRAL (ASPACE)	SADA	C. INTERESE SOCIAL, DISCAPACIDADE E ONG´S
FUNDACIÓN G-PRODIS	SANTIAGO	C. INTERESE SOCIAL, DISCAPACIDADE E ONG´S
ASOCIACIÓN DE PROMOCIÓN, ATENCIÓN AS PERSOAS EN RISCO DE EXCLUSIÓN POR RAZÓN FÍSICAS, SOCIAIS, ECONÓMICAS OU CULTURAIS." INCLUSION"	SADA	C. INTERESE SOCIAL, DISCAPACIDADE E ONG´S
ASOCIACION DE PAIS DE PERSOAS CON TEA DA PROVINCIA DA CORUÑA (ASPANAES)	A CORUÑA	C. INTERESE SOCIAL, DISCAPACIDADE E ONG´S
ASOCIACIÓN DE ARTESÁNS AS MARIÑAS	BERGONDO	MESA DE ARTESANIA
COFRADIA DE PESCADORES DE SADA	SADA	PESCA, MARISQUEO, ACUICULTURA
COFRADÍA DE PESCADORES DE MERA	OLEIROS	PESCA, MARISQUEO, ACUICULTURA

ENTIDADE	CONCELLO	MESA SECTORIAL
ASOCIACION PARA A RECUPERACIÓN, DEFENSA, PRODUCCIÓN E PROMOCIÓN DA GALIÑA PIÑEIRA	A CORUÑA	SECTOR AGRARIO, GANDEIRO E COOPERATIVO
ASOCIACIÓN DE QUEIXEIRAS DE ABEGONDO E COMARCA	ABEGONDO	SECTOR AGRARIO, GANDEIRO E COOPERATIVO
COOPERATIVA AGRARIA PROVINCIAL DE A CORUÑA, S. COOP. GALEGA	ARTEIXO	SECTOR AGRARIO, GANDEIRO E COOPERATIVO
LUPULO TECNOLOGÍA DE GALICIA, S. COOP. GALEGA (LUTEGA)	BERGONDO	SECTOR AGRARIO, GANDEIRO E COOPERATIVO
ASOCIACIÓN DE COSECHEROS DEL VINO DE BETANZOS	BETANZOS	SECTOR AGRARIO, GANDEIRO E COOPERATIVO
ASOCIACION SECTORIAL DE VITICULTORES E ADEGUEIROS DE BETANZOS E COMARCA	BETANZOS	SECTOR AGRARIO, GANDEIRO E COOPERATIVO
SINDICATO LABREGO GALEGO	BETANZOS	SECTOR AGRARIO, GANDEIRO E COOPERATIVO
ASOCIACION PANADEIROS DE CARRAL	CARRAL	SECTOR AGRARIO, GANDEIRO E COOPERATIVO
HORTA DO ATLÁNTICO, S. COOP. GALEGA	CULLEREDO	SECTOR AGRARIO, GANDEIRO E COOPERATIVO
"RIO LAMBRE" SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA	IRIXOA	SECTOR AGRARIO, GANDEIRO E COOPERATIVO
ASOCIACIÓN AGROALIMENTARIA DO EUME	AS PONTES	SECTOR AGRARIO, GANDEIRO E COOPERATIVO
ASOCIACIÓN DE HOSTALEIROS DE ARTEIXO	ARTEIXO	SECTOR DE TURISMO E HOSTALERIA
ASOCIACIÓN HOSTALERIA DE CULLEREDO	CULLEREDO	SECTOR DE TURISMO E HOSTALERIA
CLUB DEPORTIVO NAUTICO DE MIÑO	MIÑO	SECTOR DE TURISMO E HOSTALERIA
ASOCIACION DE EMPRESAS DE SERVICIOS FORESTAIS DE GALICIA (SERFOGA)	AMES	SECTOR FORESTAL E DA MADEIRA
C.M.V.M.C DE CASTELO	CULLEREDO	SECTOR FORESTAL E DA MADEIRA
C.M.V.M.C. EL RAÑO	IRIXOA	SECTOR FORESTAL E DA MADEIRA
ASOCIACIÓN PROFESIONAL DE SILVICULTORES DE GALICIA (SILVANUS)	SANTIAGO	SECTOR FORESTAL E DA MADEIRA
ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE LA INDUSTRIA 1ª TRANSFORMACIÓN DE LA MADERA DE LA CORUÑA	SANTIAGO	SECTOR FORESTAL E DA MADEIRA
COMUNIDADE VECIÑAL MONTE DE SAN ANTÓN	IRIXOA	SECTOR FORESTAL E DA MADEIRA
COLEGIO OFICIAL DE INGENIEROS TÉCNICOS INDUSTRIALES DE A CORUÑA (COETICOR)	A CORUÑA	SECTOR INSTITUCIONAL
FUNDACIÓN PARA O AVANCE CIENTÍFICO DA VETERINARIA EN GALICIA	A CORUÑA	SECTOR INSTITUCIONAL
ASOCIACIÓN TERRA DAS MARIÑAS	ABEGONDO	SECTOR INSTITUCIONAL
FUNDACIÓN COMARCAL DE BETANZOS	BETANZOS	SECTOR INSTITUCIONAL
CENTRO DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA E DIVULGACION AMBIENTAL GALICIA (CEIDA)	OLEIROS	SECTOR INSTITUCIONAL
SOCIEDADE GALEGA DE HISTORIA NATURAL	SANTIAGO	SECTOR INSTITUCIONAL
COLEGIO DE GEOGRAFOS - DELEGACIÓN GALLEGA	SANTIAGO	SECTOR INSTITUCIONAL

2.1.2. As Mesas Sectoriais

As entidades integradas na Asemblea Xeral organízanse en Mesas Sectoriais, nas cales se poñen en común a problemática do sector que representan coa finalidade de establecer posibles actuacións de mellora, canalizando á Xunta Directiva aquelas suxestións, demandas, proxectos e iniciativas que o sector considere.

As Mesas Sectoriais constitúen a base da participación e difusión da información para as entidades que operan no territorio. Teñen como finalidade dinamizar sectorialmente ós actores locais implicados no desenvolvemento do territorio, así como servir de canle informativo da Asociación. Actualmente as Mesas Sectoriais están organizadas da seguinte forma: 1) Mesa do sector agrario, gandeiro e cooperativo; 2) Mesa do sector forestal e da madeira; 3) Mesa de asociacións de mulleres; 4) Mesa de asociacións xuvenís e colectivos xuvenís; 5) Mesa de asociacións deportivas, recreativas, de veciños, culturais, ANPAS; 6) Mesa de artesanía; 7) Mesa de asociacións e colectivos medioambientais ou actividades na natureza; 8) Mesa do sector de turismo e hostalería; 9) Mesa de asociacións de empresarios multisectoriais; 10) Mesa de colectivos de interese social, discapacidade e ONG's; 11) Mesa do sector institucional; 12) Mesa das administracións locais; 13) Mesa da pesca, marisqueo, acuicultura.

RELACIÓN DE REUNIÓN CELEBRADAS POLAS MESAS SECTORIAIS DURANTE O ANO 2010

TÍTULO:	CREACIÓN DUNHA ASOCIACIÓN DE TURISMO
MESA SECTORIAL:	TURISMO
DATA:	21 de xaneiro de 2010
LUGAR:	Hotel Crunia (Culleredo)
DESCRIPCIÓN ACTIVIDADE	Vese como necesario fortalecer o tecido asociativo, propoñendo traballar na constitución dunha asociación de empresas e actividades de turismo rural. O ámbito territorial sería a das Comarcas de “Mariñas – Betanzos” e “Ordes”. A idea da constitución de dita asociación parte dos propios interesados da Mesa do Turismo. Tense chegado á conclusión da necesidade de fortalecer o tecido asociativo no sector do Turismo Rural, para realizar actuacións comúns (artellar paquetes coordinados co medio ambiente e as actividades do medio rural).
MEDIOS DE DIFUSIÓN UTILIZADOS	Teléfono e correo electrónico. Colaboración coa Asociación Terra das Mariñas e a Asociación Comarcal de Ordes.
FOTO	

TÍTULO:	PRESENTACIÓN DE PROPOSTAS DE PROXECTOS Ó PROGRAMA LEADER
MESA SECTORIAL:	ASOCIACIÓN DEPORTIVAS, RECREATIVAS, DE VECIÑOS, CULTURAIS, ANPAS
DATA:	15 de abril de 2010
LUGAR:	Sede do GDR Mariñas – Betanzos en Abegondo
DESCRIPCIÓN ACTIVIDADE	Presentación por parte da Asociación Cultura Aberta de Carral de dúas propostas: Programa AFA (Apoio e fomento ao sector non lucrativo dos municipios que conforman a Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas – Betanzos e centro de recursos para asociacións)
MEDIOS DE DIFUSIÓN UTILIZADOS	Teléfono e correo electrónico.

2.1.2. A Xunta Directiva

A Xunta Directiva da asociación está formada polos representantes das entidades asociadas organizadas sectorialmente e elixidos pola Asemblea Xeral, en función da pertenza destes a cada mesa sectorial, de acordo coa representatividade que a Asemblea Xeral lle outorgou a cada unha delas.

É o máximo órgano executivo, reuníndose xeralmente unha vez ó mes, co obxecto de fixar as liñas concretas de actuación e aprobar ou denegar os Informes previamente verificados por AGADER dos Proxectos LEADER.

COMPOSICIÓN DA XUNTA DIRECTIVA:

Presidencia: D. José Antonio Santiso Miramontes, Alcalde Abegondo (Mesa Administracións Públicas).

Vicepresidencia: D. Cesar Longo Queijo, Alcalde Paderne (Mesa Administracións Públicas).

Secretaría: Dña. Concepción Lema Torre. Asociación de Artesáns As Mariñas (Mesa da artesanía).

Tesourería: Dña. Aida Pérez Barredo. Asociación de Empresarios de Culleredo (Mesa Asociacións empresariais).

VOGAIS PÚBLICOS:

Mesa do sector Institucional:

- D. Edmundo Varela Lema, en representación de Coeticor.
- D. Xosé Uxio Rey Fernández, en representación do Colexio Oficial de Veterinarios de A Coruña.

Mesa do sector das Administracións Públicas:

- D. Andrés Alberto Porcas Fraga, Concelleiro de Infraestruturas do Concello de Betanzos.
- Dna. Gumersinda Becerra Montes, Concelleira de Turismo do Concello de Cambre.
- D. Francisco Quintela Requeijo, Alcalde do Concello de Coirós.
- D. Isidro Taibo Gago, Concelleiro de Promoción Económica do Concello de Culleredo.
- D. Antonio Deibe Sanmartín, Alcalde do Concello de Irixoa.
- D. Daniel Romero Cajigal, Concelleiro de Obras Públicas do Concello de Oleiros.

Mesa do sector da pesca, marisqueo, acuicultura:

- D. Andrés García Boutureira, da Confraría de Pescadores de Sada.

VOGAIS PRIVADOS:

Mesa do sector agrario, gandeiro e cooperativo:

- D. Antón Sánchez García, do Sindicato Labrego Galego.
- D. José Calo Faraldo, da Cooperativa Agraria Provincial da Coruña S.C.G.
- D. José Manuel Amigo Santos, da Asociación Sectorial de Viticultores e Adegoiros de Betanzos e comarca.

Mesa do sector forestal e da madeira:

- D. Benito García Sánchez, da Asociación Provincial de la Industria de 1ª transformación de la madera de A Coruña.

Mesa do sector de Asociacións e colectivos de mulleres:

- Dna. Cruz Fernández González, da Asociación Elas Pro Igualdade Dereitos da Muller.

Mesa do sector Asociacións xuvenís e colectivos xuvenís:

- D. Javier Ascasibar Errasti, da Asociación Xuventude e Natureza.

Mesa do sector Asociacións Deportivas, Recreativas, de Veciños, Culturais, Anpas:

- D. José Juan Rico Rodríguez, de Val de Aranga Asociación Cultural e Deportiva.
- D. Fernando R. Bandín Monteiro, da Asociación O Rabo do Galo.
- D. Lois Anxo Ferreiro Bestilleiro, da Asociación Cultural “Cultura Aberta”.

Mesa do sector Asociacións e colectivos medioambientais ou actividades na natureza:

- D. José Francisco Castro Vilariño, da Asociación Cultural Libre de Paderne – Roxín Roxal.

Mesa do sector do turismo e da hostalería:

- D. Gerardo Romero Copo, da Asociación de Hostalería de Culleredo.

Mesa do sector dos colectivos de interese social, discapacidade e ONG´s:

- Dna. Isabel Díaz García, da Asociación de Paraplégicos y grandes minusválidos de Galicia (ASPAYM).
- D. José Francisco Hurtado Durán, da entidade ONG Ecos do Sur.

RELACIÓN REUNIÓN CELEBRADAS POLA XUNTA DIRECTIVA DURANTE O ANO 2010

DATA	LUGAR	ORDE DO DÍA
11/01/2010	Local Social de Santa Marta de Babío (Bergondo)	1. Lectura e aprobación se procede, acta sesión anterior. 2. Seguimento do Programa LEADER 3. Informe de novidades 4. Rogos e Preguntas
08/03/2010	Local Social de Santa Marta de Babío (Bergondo)	1. Encontro con responsables de AGADER ó respecto do seguimento do Programa LEADER. 2. Lectura e aprobación, da acta da sesión anterior. 3. Informe de novidades 4. Presentación contas do ano 2009 e convocatoria Asemblea Xeral: Data e fixación da orde do día. 5. Informe próxima convocatoria proxectos cooperación Ministerio Medio Ambiente y Medio Rural y Marino 2010. 6. Proceso Candidatura Reserva da Biosfera. 7. Seguimento do Programa LEADER 8. Rogos e Preguntas
12/04/2010	Local Social de Santa Marta de Babío (Bergondo)	1. Aprobación se procede da acta da sesión anterior. 2. Informe de novidades 3. Seguimento candidatura Reserva da Biosfera 4. Informe próxima Convocatoria Proxectos Cooperación Ministerio Medio Ambiente y Medio Rural y Marino 2010. 5. Seguimento do Programa LEADER. 6. Rogos e Preguntas.
10/05/2010	Local Social de Santa Marta de Babío (Bergondo)	1. Aprobación se procede da acta da sesión anterior. 2. Informe de novidades 3. Seguimento do Programa LEADER 4. Rogos e Preguntas.
12/07/2010	Local Social de Santa Marta de Babío (Bergondo)	1. Aprobación se procede, da acta da sesión anterior. 2. Seguimento do Programa LEADER 3. Informe de novidades e outros asuntos 4. Rogos e preguntas
13/09/2010	Local Social de Santa Marta de Babío (Bergondo)	1. Aprobación se procede da acta da sesión anterior 2. Presentación de vídeo sobre as Reservas da Biosfera e informe da reunión mantida co Director Xeral de Conservación da Natureza . 3. Seguimento do Programa LEADER 4. Informe de novidades e outros asuntos. 5. Rogos e preguntas
11/10/2010	Local Social de Santa Marta de Babío (Bergondo)	1. Aprobación se procede da acta da sesión anterior. 2. Seguimento do Programa LEADER. 3. Outras axudas aprobadas. 4. Outras axudas denegadas 5. Borrador das Bases e Réxime Axudas do Programa LEADER. 6. Proposta de modificación da convocatoria de axudas do Programa LEADER da Asociación Mariñas - Betanzos. 7. Rogos e Preguntas
08/11/2010	Local Social de Santa Marta de Babío (Bergondo)	1. Aprobación se procede da acta da sesión anterior. 2. Proposta definitiva de AGADER, do cambio de Réxime de Axudas. 3. Próxima convocatoria Proxectos Cooperación de AGADER. 4. Rogos e Preguntas.



2.2. ALTAS E BAIXAS DE ENTIDADES DURANTE O ANO 2010.

En relación ó número de asociados a 31 de decembro de 2010 hai 122 entidades agrupadas en 13 mesas sectoriais:

MESA SECTORIAL	Nº ENTIDADES
ADMINISTRACIÓNS LOCAIS	16
ASOCIACIÓNS EMPRESARIOS MULTISECTORIAIS	11
ASOCIACIÓNS DEPORTIVAS, RECREATIVAS, DE VECIÑOS, CULTURAIS, ANPAS	26
ASOCIACIÓNS E COLECTIVOS DE MULLERES	10
ASOCIACIÓNS E COLECTIVOS MEDIOAMBIENTAIS OU ACTIVIDADES NA NATUREZA	12
ASOCIACIÓNS XUVENÍS E COLECTIVOS XUVENÍS	2
COLECTIVOS DE INTERESE SOCIAL, DISCAPACIDADE E ONG´S	14
MESA DA ARTESANIA	1
PESCA, MARISQUEO, ACUICULTURA	2
SECTOR AGRARIO, GANDEIRO E COOPERATIVO	11
SECTOR DE TURISMO E HOSTALERIA	3
SECTOR FORESTAL E DA MADEIRA	6
SECTOR INSTITUCIONAL	8

Durante o ano 2010 as entidades que causaron alta na Asociación son as que se detallan a continuación:

DATA INGRESO	ENTIDADE	CONCELLO	MESA SECTORIAL
12/04/2010	Asociación Cultural A Fuliada	Betanzos	Asociacións deportivas, recreativas de veciños, culturais, Anpas
13/09/2010	Asociación para a defensa ecolóxica de Galiza (ADEGA)	A Coruña	Asociacións e colectivos medioambientais ou actividades na natureza

2.3. CONVENIOS DE COLABORACIÓN ASINADOS CON OUTRAS ENTIDADES DURANTE 2010

Convenio de Colaboración entre o Concello de Cambre e a Asociación de Desenvolvemento Rural “Mariñas – Betanzos” para a realización de prácticas non laborais en Empresas para alumnado de formación profesional ocupacional do Plan A.F.D. 2010

A Consellería de Traballo da Xunta de Galicia, na orde do 28 de decembro de 2009, establece unha convocatoria pública para a programación de accións formativas dirixidas prioritariamente ós traballadores desempregados da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010.

Por tal motivo, o Concello de Cambre ten solicitado a colaboración da Asociación Mariñas – Betanzos para realizar na súa sede durante o mes de setembro as prácticas correspondentes ós cursos que se desenvolveron no Centro Municipal de Formación do Concello de Cambre:

- **SECRETARIADO DE DIRECCIÓN: 13/09/2010 ata o 01/10/2010:** María Luísa Martínez Pan e Cristina Coira Gómez.
- **TÉCNICO EN SOFTWARE OFIMÁTICO: 28/10/2010 ata o 18/11/2010:** David Naveira Muíño.

2.4. AXUDAS RECIBIDAS DURANTE O ANO 2010

OBRA SOCIAL CAIXA GALICIA.

- “Desenvolvemento de actividades de promoción económica”: 1.500.-€

O día 13 de febreiro de 2009 a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) e a Caixa de Aforros de Galicia (Caixa Galicia) teñen asinado un convenio de colaboración sobre o financiamento dos Programas LEADER e Dinamizadores.

O obxecto deste convenio é establecer no ámbito territorial de Galicia, a forma e condicións nas que deberá desenvolverse a colaboración entre AGADER e Caixa Galicia para a instrumentación de liñas de financiamento a interese preferentemente vinculadas ós Programas LEADER e Dinamizadores.

Segundo o convenio, e tal como está estipulado na cláusula quinta (compromisos de Caixa Galicia), Caixa Galicia, a través dos presupostos da súa Obra Social destinados ó apoio dos sectores produtivos, contribuirá a impulsar e desenvolver aquelas iniciativas emprendidas polos GDRs, que asinen convenios de colaboración con Caixa Galicia, e que teñan por obxecto promover as actividades dos seus asociados, até unha cuantía máxima anual de 1.500.-€, para cada GDR. Para artellar a colaboración prevista, cada GDR deberá dirixir unha solicitude expresa á Obra Social Caixa Galicia.

O día 02 de marzo de 2010, ten entrado no rexistro da Asociación “Mariñas – Betanzos” escrito comunicando unha concesión de axuda para o desenvolvemento de “*Actividades de promoción económica*” por importe de 1.500 euros (Mil cincocentos euros), concedida á Asociación de Desenvolvemento Rural “Mariñas – Betanzos” pola Comisión Obra Social de Caixa Galicia celebrada o pasado día 25 de febreiro de 2010. Este importe foi destinado a actividades de difusión do Programa LEADER, como xornadas, elaboracións de boletíns e asistencia a feiras.

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA. SECCIÓN PROMOCIÓN ECONÓMICA.

- “Estudo para a posta en valor da vía XX -A Per Loca Marítima nas Mariñas Coruñesas”: 3.998,32.-€

Dentro da Convocatoria de Programas dirixidos a entidades para actividade xeral do ano 2010 a Deputación da Coruña concedeu a “Mariñas – Betanzos” unha subvención para a elaboración deste estudo.

Este proxecto consiste na elaboración dun estudo de base co obxecto de identificar o camiño da Vía XX, “A Per Loca Marítima” polo ámbito territorial de Mariñas – Betanzos co obxecto de documentar a traza e infraestrutura conservada, e poder nun futuro trazar unha futura ruta turística por esta vía.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS.

- “Compostaxe doméstica na comarca de Betanzos”: 4.929.-€ para o período subvencionable comprendido entre o 01 de xaneiro e o 31 de outubro de 2010 e 14.786.-€ para o período subvencionable comprendido entre o 01 de novembro de 2010 e o 31 de outubro de 2011.

Con esta iniciativa se pretenden desenvolver accións demostrativas e experimentais co que determinar a eficiencia da compostaxe doméstica en distintos contornos socioeconómicos representativos da comarca de Betanzos. Tamén pretende contribuír á sensibilización cidadá en materia de residuos e a necesidade de minimizar a súa xeración. O obxectivo xeral é experimentar o funcionamento da compostaxe doméstica en diferentes tipoloxías de unidades familiares, vivendas e entornos sociais e xeográficos nos termos municipais de Irixoa, Paderne, Coirós, Oza dos Ríos e Miño.

Este proxecto prevé a execución de accións demostrativas con 50 familias que recibirán composteiros, información, formación, asesoramento e seguimento periódico persoal ó longo da duración do proxecto e servirá de estímulo para que outros veciños e veciñas se decidan autonomamente a por en marcha sistemas de autocompostaxe.

A aportación de “Mariñas – Betanzos” para realizar este proxecto será de 2.200 euros para os dous períodos.

Máis información: <http://www.compostaxe.org>

2.5. OUTRAS AXUDAS SOLICITADAS DURANTE O ANO 2010

O Equipo Técnico do Programa LEADER, ten preparado e remitido as seguintes solicitudes ós organismos correspondentes, non sendo concedidas por diferentes motivos:

- **CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR:** Subvencións para a posta en práctica en Galicia de Programas integrados para o emprego.

“**Agro Emprega**”: Programa para a inserción laboral no sector agrario de persoas desempregadas a través da recuperación de producións agrícolas tradicionais e outras demandas dos mercados no territorio de Mariñas - Betanzos. O obxectivo era a inserción laboral do 35% dos participantes do Programa, fixando o tal de participantes en 20.

- **PROXECTOS DINAMIZADORES DAS ÁREAS RURAIS DE GALICIA 2008-2013 (AGADER):**

“**Estudo para a posta en valor da vía XX Per Loca Marítima:**

Elaboración dun estudo de base co obxecto de identificar e documentar a traza e infraestrutura conservada da vía XX-per loca marítima con actuacións planificadas para a súa posta en valor, polas provincias da Coruña, Lugo e Pontevedra.

“**Actuacións de promoción dos produtos e recursos turísticos dos municipios do ámbito territorial de Mariñas - Betanzos, centrándose no aproveitamento das TIC´s**”: Aproveitando as redes sociais, se pretendían realizar unhas xornadas gastronómicas innovadoras no territorio de Mariñas - Betanzos, co fin principal de dar a coñecer os produtos e servizos turísticos, así como outros recursos e atractivos ligados ó medio rural, como o medio ambiente, agroindustria ou patrimonio.

- **DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA**

- “**Exposición: A arquitectura de Rafael González Villar nas Mariñas - Coruñesas**”: Se pretendía dar a coñecer as obras deste arquitecto de recoñecido prestixio na comarca, co obxectivo principal de darlle unha maior difusión a estes importantes recursos culturais da Comarca das Mariñas. O propósito da Asociación era ofrecer esta exposición a diferentes entidades públicas e privadas do seu ámbito territorial. Como complemento a esta exposición, se publicaría unha guía co obxecto de reforzar a promoción destas obras que son un importante recurso cultural.

- **CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO. XUNTA DE GALICIA**

- “**Guía: A arquitectura de Rafael González Villar nas Mariñas - Coruñesas**”: Se pretendía dar a coñecer as obras deste arquitecto de recoñecido prestixio como recurso turístico no territorio Mariñas - Betanzos.

2.6. OUTRAS NOVIDADES DA ASOCIACIÓN

2.6.1. CAMPAÑA “VIVE O MANDEO”

Dentro do “Proxecto Mandeo, posta en valor das concas fluviais 2008-2011”, a Deputación Provincial da Coruña ten posto en marcha unha Campaña sensibilizadora da importancia do coidado dos ríos que inclúe a “adopción” de tramos de río para a súa custodia e conservación, así como para a participación en actividades formativas relacionadas coa calidade da auga e en actos de carácter lúdico.

Na Xunta Directiva tense tomado o acordo de que o tramo do río “adoptado” por Mariñas – Betanzos de 1,5 km. sexa no río Mendo, concretamente dende o lugar de Martinete ata a Ponte das Ermidas no lugar de Tabacos, parroquia de Brabío en Betanzos.

Máis información: <http://www.riomandeo.com/>

2.6.2. CAMPAÑA DE RECICLAXE DE MÓBILES PARA PROTEXER OS ECOSISTEMAS AFRICANOS



O Instituto Jane Goodall ten unha campaña para a recuperación e reciclaxe de móbiles para así contribuír a reducir a demanda dos seus compoñentes, así como reducir os problemas ambientais que ocasionan certos materiais tóxicos.

Con esta campaña se pretende recadar fondos para os programas de educación e conservación no Congo, tal como o Centro de Recuperación de Chimpacés de Tchimpounga, dirixido pola veterinaria galega Rebeca Atencia.

Ceida e a Obra Social de Caixa Galicia están a colaborar co Instituto Jane Goodall nesta campaña no ámbito de Galicia, convidando á Asociación “Mariñas – Betanzos” a sumarse a esta campaña.

Mariñas – Betanzos colabora nesta campaña cun punto de recollida de móbiles na súa sede, ó mesmo tempo que está a divulgar a campaña entre os seus colectivos enviando información ás entidades interesadas de cómo inscribirse nesta campaña e poder dispoñer dun punto de recollida autorizado. As entidades interesadas neste ano 2010 foron o Concello de Culleredo, Concello de Paderne, Asociación Cultura Aberta de Carral e Asociación de Empresarios de Culleredo.

Durante o ano 2010 recolléronse na sede de Mariñas - Betanzos un total de 18 móbiles destinados á reciclaxe.

2.6.3. ELABORACIÓN MATERIAL PROMOCIONAL: MAPA TURÍSTICO MARIÑAS - BETANZOS

Dentro do contrato coa entidade adxudicataria da elaboración da imaxe corporativa da Asociación, téñense editado 300 MAPAS DO TERRITORIO, onde se recollen os principais recursos dos dezaseis concellos que compoñen o ámbito territorial de Mariñas - Betanzos: espazos naturais, museos, pontes, turismo rural, arquitectura relixiosa, fervezas...

2.6.4. COLABORACIÓN CO GRUPO DE ACCIÓN COSTEIRA “GOLFO ÁRTABRO”

A Xestión integrada de zonas costeiras (XIZC) ten por obxecto acadar o desenvolvemento sostible nun ámbito de enorme complexidade coma é o costeiro, que ao mesmo tempo está inmerso nunha complexa compartimentación de competencias.

Estes obxectivos responden ás demandas do sector, que levan traballando dende o ano 2008 nas propostas do Plan Estratéxico Zonal do Grupo de Acción Costeira “Golfo Ártabro”.

Por tal motivo, a Asociación Mariñas – Betanzos está a cooperar co GAC “Golfo Ártabro” na organización de xornadas informativas, que no ano 2010 foron as seguintes:

I Seminario sobre Xestión integrada de zonas costeiras: "Xestión integrada no Golfo Ártabro, como ferramenta para aplicar a Directiva Marco da Auga". Celebrouse no Concello de Sada o 15 de outubro de 2010. Esta xornada contou coa participación de representantes da Consellería do Mar, de Augas de Galicia, de Intecmar, así como de socios da candidatura presentada no mes de Setembro de 2010 ante a Comisión Europea por Mariñas – Betanzos ó Programa LIFE: "Xestión Integrada no Golfo Ártabro, como ferramenta para aplicar a Directiva Marco da Auga – GILGA PROJECT".



II Seminario sobre Xestión integrada de zonas costeiras: "Cooperación entre os Grupos de Acción Costeira e os Grupos de Desenvolvemento Rural. Estratexias de valorización de produtos e territorios rurais do litoral". Celebrouse na sede da Confraría de Pescadores de Sada o día 13 de decembro de 2010, e contou coa participación de representantes de diferentes Grupos de Acción Costeira e de Grupos de Desenvolvemento Rural costeiros da provincia da Coruña.



I Xornada: Estratexia turística e valorización de produtos pesqueiros. Tivo como obxectivo afondar no coñecemento das posibilidades e ferramentas para a posta en valor do territorio –Plans de Dinamización de Produto Turístico- e dos produtos pesqueiros a través da cociña. Celebrouse na Aula de Cociña Portomuiños o 27 de decembro de 2010 e contou coa intervención do Presidente do GAC "Golfo Ártabro" e de representantes do Plan de Dinamización do Produto Turístico da Área Metropolitana da Coruña e de Ferrol-Ortega.



CONCLUSIÓNS:

O Xerente do Plan de Dinamización do Produto Turístico da Área Metropolitana da Coruña explicou as accións que se están a levar a cabo a través do PDPT da Área Metropolitana da Coruña e con especial mención daquelas que teñen maior interese para a valorización dos produtos do mar.

Tamén se teñen apuntado algunhas liñas futuras de actuación, no marco do Plan de Dinamización Turística, para fortalecer a posta en valor dos produtos do mar a través da gastronomía. Neste sentido, apuntábase a importancia de cooperar co GAC Golfo Ártabro para deseñar accións formativas dirixidas ao sector da restauración.

Realizouse un debate-coloquio entre o Xerente do GAC Golfo Ártabro, o xerente do PDPT da Área Metropolitana da Coruña, o xerente do Programa LEADER de Euroeume e o xerente do Programa LEADER Mariñas-Betanzos, no que participaron tamén os asistentes, e que ten servido para visualizar a necesidade de traballar conxuntamente e proxectos compartidos.

Gonzalo Rey, cociñeiro do restaurante Agar-Agar, elaborou diferentes pratos con produtos do mar (do territorio) para a súa degustación posterior polos participantes na xornada.

Os participantes na súa maioría do sector da restauración e hostalería coñeceron novas posibilidades que ofrecen na cociña os produtos de toda a vida.

2.6.5. MESAS DA AUGA - PARTICIPACIÓN PÚBLICA ACTIVA.

Augas de Galicia e o concello de Abegondo participan xunto coa Consellería do Medio Rural e EMALCSA no proxecto europeo LIFE+ Aqua - Plann. O ámbito de actuación deste proxecto é a bacía hidrográfica do Lugar de Importancia Comunitaria "Encoro de Abegondo-Cecebre", formada por parte dos términos municipais de Abegondo, Carral, Cambre, Culleredo, Bergondo, Betanzos, Oza dos Ríos, Cesuras, Ordes e Cerceda.

Aqua-Plann Project foi concibido como un plan de acción sobre o ciclo da auga que persegue o obxectivo último de garantir a calidade das masas de auga do ámbito de actuación. Para conseguilo, entre os anos 2009 e 2012 inverterase un millón de euros en executar unha batería de accións levadas a cabo polos principais axentes involucrados na súa xestión. Unha destas accións é o establecemento das Mesas da Auga ou Mesas de Participación Pública, que pretenden ser o foro que permita á cidadanía tomar parte na planificación hídrica.

O feito da coincidencia no tempo deste proxecto coa elaboración por parte de Augas de Galicia do novo Plan Hidrolóxico Galicia - Costa, brindou a oportunidade de adoptar este territorio como experiencia piloto a pequena escala, do proceso de Participación Pública que se está a levar a cabo para o conxunto da Demarcación Hidrográfica. Así, púxose en marcha un foro de debate no que as xentes das Mariñas recibiron información sobre o estado das súas masas de auga e expresaron as súas opinións sobre como melloralas. As mesas que se celebraron na Aula Multimedia do Concello de Abegondo foron catro:

Administrativa: 25 de maio de 2010

Industrial e enerxética: 22 de xuño de 2010

Asociacións medioambientais e de veciños: 08 de xuño de 2010

Agrogandeira: 30 de xuño de 2010

Primeiramente celebrouse unha reunión informativa (plenaria) o día 11 de maio de 2010.

Para a mobilización social do proceso contouse coa axuda da Asociación Mariñas - Betanzos, que identificou a case 450 axentes situados no ámbito de actuación. Se trata de representantes dos sectores agrogandeiro, forestal, industrial e enerxético, empresarial, consumidores, asociacións ecoloxistas, universidades, centros de investigación, etc.



3. PROGRAMA LEADER 2007-2013

3.1. ACTIVIDADES DIFUSIÓN PROGRAMA LEADER

3.1.1. Reunións informativas nos concellos do ámbito territorial

CONCELLO:	CARRAL
DATA:	11 de marzo de 2010
LUGAR:	Casa da Cultura do Concello de Carral.
DESCRICIÓN ACTIVIDADE	Programa LEADER 2007-2013: Metodoloxía LEADER; Asociación “Mariñas – Betanzos”; Estratexia do GDR; Liñas de subvención; Baremación de proxectos; Entrega Guía de Emprender e información ós promotores; Contestación a dúbidas.
MEDIOS UTILIZADOS	Correo postal e teléfono: se convocaron 120 entidades (Asociacións culturais, deportivas..., empresas, aloxamentos, restauración.... Asociacións de Panadeiros). Colaboración co Concello de Carral.
ASISTENCIA	20 entidades: Asociacións culturais, recreativas e deportivas e Asociacións de Panadeiros. Empresas do sector da madeira....
FOTO	

CONCELLO:	IRIXOA
DATA:	30 de marzo de 2010
LUGAR:	Biblioteca Municipal do Concello de Irixoa
DESCRICIÓN ACTIVIDADE	Programa LEADER 2007-2013: Metodoloxía LEADER; Asociación “Mariñas – Betanzos”; Estratexia do GDR; Liñas de subvención; Baremación de proxectos; Entrega Guía de Emprender e información ós promotores; Contestación a dúbidas.
MEDIOS UTILIZADOS	Correo postal e teléfono: se convocaron 50 entidades (Asociacións culturais, deportivas..., empresas, aloxamentos, restauración.... Comunidades de Montes). Colaboración ca Técnica Local de Emprego do Concello de Irixoa.
ASISTENCIA	10 entidades: Asociacións culturais, recreativas e deportivas e Comunidades de Montes. Sector da restauración, empresas....
FOTO	

OUTRAS CHARLAS INFORMATIVAS:

DATA	CONCELLO	DESCRICIÓN
15/03/2011	Carral	Presentación Programa LEADER á personal de oficinas da Coruña de “La Caixa”
16/04/2011	Sada	Presentación Programa LEADER nas dependencias municipais do Concello de Sada
03/06/2011	Aranga	Presentación Programa LEADER Mesa de Asociacións de Veciños dos Concellos

3.2.2. Outras actividades de divulgación do Programa LEADER.

ACTIVIDADE:	PÁXINA WEB “MARIÑAS – BETANZOS” http://www.marinasetanzos.org
DESCRICIÓN	<i>A Asociación “Mariñas – Betanzos” a través dunha axuda concedida polo Programa LEADER, dentro da medida 431-B (Adquisición de capacidades e promoción do territorio) pon en marcha a súa páxina web con información sobre a Asociación Mariñas – Betanzos, as mesas sectoriais, programas postos en marcha no territorio, así como do Programa LEADER. O Obxectivo deste espazo web é prestar un servizo de información a empresarios, emprendedores, administracións locais, técnicos en desenvolvemento e interesados en xeral.</i>

ACTIVIDADE:	BOLETÍN ELECTRÓNICO “MARIÑAS – BETANZOS”
DESCRICIÓN	<i>Dende o equipo técnico de “Mariñas – Betanzos” se plantexou a posibilidade de elaborar un boletín electrónico gratuito de periodicidade mensual, co obxecto de recoller toda a información relativa ó Programa LEADER, as actividades desenvolvidas pola Asociación, polas Mesas sectoriais, así como calquera outra información de interese en xeral para os asociados/as, emprendedores.... O primeiro número deste boletín se publicou a finais do mes de Xaneiro.</i>

ACTIVIDADE:	BLOG MARIÑAS – BETANZOS http://gdr29.blogspot.com
DESCRICIÓN	<i>O equipo técnico de “Mariñas – Betanzos” mantén actualizado o seu blog onde se recolle toda a información relativa ó Programa LEADER, as actividades desenvolvidas pola Asociación, polas Mesas sectoriais, así como calquera outra información de interese en xeral para os asociados/as, emprendedores....</i>

3.2.3.ASISTENCIA A FEIRAS: DIVULGACIÓN DO PROGRAMA LEADER

FEIRA:	FEIRA INCOART 2010
DATA:	21,22 e 23 de maio de 2010
LUGAR:	Concello de Bergondo
DESCRICIÓN:	Feira de industria, comercio e artesanía do Concello de Bergondo. O Equipo Técnico do Programa LEADER estivo os tres días nesta feira cun stand dando a coñecer o Programa, así como informando a todas as persoas interesadas sobre as liñas de axuda.

FEIRA:	II FEIRA EMPRESARIAL E COMERCIAL DE CULLEREDO
DATA:	19 e 20 de xuño de 2010
LUGAR:	Concello de Culleredo
DESCRICIÓN:	Feira empresarial e comercial organizada pola Asociación de Empresarios de Culleredo coa colaboración de Promoción Económica do Concello de Culleredo. O Equipo Técnico do Programa LEADER estivo os dous días nesta feira cun stand dando a coñecer o Programa, así como informando a todas as persoas interesadas sobre as liñas de axuda.

FEIRA:	FEIRA COMERCIO E ARTESANIA DE CAMBRE
DATA:	19 e 20 de xuño de 2010
LUGAR:	Concello de Cambre
DESCRICIÓN:	Feira de comercio e artesanía organizada pola Asociación de Empresarios e Empresarias do Concello de Cambre O Equipo Técnico do Programa LEADER estivo os tres días nesta feira cun stand dando a coñecer o Programa, así como informando a todas as persoas interesadas sobre as liñas de axuda.

FEIRA:	FEIRA MULTISECTORIAL DE PADERNE
DATA:	03 e 04 de xullo de 2010
LUGAR:	Concello de Paderne
DESCRICIÓN:	Feira multisectorial do Concello de Paderne. O Equipo Técnico do Programa LEADER estivo os dous días nesta feira cun stand dando a coñecer o Programa, así como informando a todas as persoas interesadas sobre as liñas de axuda.

FEIRA:	FEIRA DO AGRO 2010
DATA:	10 de outubro de 2010
LUGAR:	Concello de Abegondo
DESCRICIÓN:	Exposición e venda de produtos agropecuarios. O Equipo Técnico do Programa LEADER estivo nesta feira cun stand dando a coñecer o Programa, así como informando a todas as persoas interesadas sobre as liñas de axuda.



Concello de Bergondo



Concello de Cambre



Concello de Culleredo



Concello de Paderne



Concello de Abegondo

3.3. CADRO FINANCEIRO. PROGRAMA LEADER 2007-2013

ANEXO II
PROGRAMA LEADER GALICIA 2007-2013
PLAN FINANCEIRO
GDR: ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL MARIÑAS-BETANZOS

Importes en Euros

MEDIDA	TIPO PROXECTOS	GASTO PÚBLICO DO PROGRAMA						
		2008	2009	2010	2011	2012	2013	TOTAL
411. Dinamización do sector agrario e forestal	Produtivos	77.215,44	150.830,28	151.887,61	158.459,35	157.435,46	155.986,24	851.813,38
412. Mellora medioambiental e do contorno rural	Non produtivos	46.329,26	90.496,16	91.132,56	95.075,61	94.461,28	93.591,14	511.086,02
413. Diversificación da economía rural e mellora da calidade de vida	Produtivos	154.430,88	301.660,53	303.775,22	316.918,70	314.870,93	311.970,47	1.703.626,73
	Non produtivos	30.886,18	60.332,11	60.755,04	63.383,74	62.974,19	62.394,06	340.725,35
	TOTAL	165.317,06	361.992,63	364.530,26	380.302,44	377.845,12	374.364,56	2.044.352,07
TOTAL ESTRATEXIA	Produtivos	231.646,32	452.490,79	455.662,82	475.378,06	472.306,39	467.956,71	2.555.440,09
	Non produtivos	77.215,44	150.830,28	151.887,61	158.459,35	157.435,46	155.986,24	851.813,38
	TOTAL	308.861,76	603.321,07	607.550,43	633.837,41	629.741,86	623.942,95	3.407.253,45
431 Gastos de funcionamento do GDR, adquisición de capacidades e promoción territorial	Funcionamento (1)	49.417,88	96.531,31	97.208,07	101.413,99	100.758,70	99.830,55	545.160,55
	Promoción	12.354,47	24.132,84	24.302,02	25.353,50	25.189,67	24.957,64	136.290,14
	TOTAL	61.772,35	120.664,15	121.510,09	126.767,48	125.948,37	124.788,19	681.450,69
TOTAL PROGRAMA		370.634,11	723.985,22	729.060,52	760.604,89	755.690,23	748.729,14	4.088.704,14
							FEADER	2.353.456,11
							AXE	875.761,67
							XUNTA	859.484,36

(1) A submedida 431A aparece cunha dotación prevista máxima equivalente ao 16% dos fondos destinados á estratexia. Nas anualidades 2008 e 2009 o GDR disporá do total da dotación prevista. Segundo se recolle no capítulo VII das bases reguladoras de selección de programas, para as anualidades 2010 a 2013 a dispoñibilidade inicial do GDR terá un importe equivalente ao 12% dos fondos da estratexia e en función do proceso de avaliación do traballo do grupo poderá autorizarse unha porcentaxe superior ao 12% inicialmente previsto, sempre ao tope do 16%.

3.4. PROXECTOS PRESENTADOS DURANTE O ANO 2010 Ó PROGRAMA LEADER.

Nº EXPTE.	TÍTULO	DATA	CONCELLO
L10-41100-29-0025	Modernización serradoiro de madeira.	25/01/2010	OZA DOS RÍOS
L10-41300-29-0026	Posta en marcha aula de servizos formativos	01/02/2010	CULLEREDO
L10-41300-29-0027	Creación perruquería nos Campós	01/02/2010	CAMBRE
L10-41300-29-0028	Creación punto venta explotación	05/02/2010	OZA DOS RÍOS
L10-41100-29-0030	Implantación novas produción de Kiwi	19/02/2010	ABEGONDO
L10-41100-29-0031	Estudio do potencial das variedades Branco Lexítimo e Agudelo	26/02/2010	VARIOS
L10-41300-29-0032	Creación Escola Natureza	10/03/2010	ABEGONDO
L10-41300-29-0033	Modernización camping Aguiar	16/03/2010	BERGONDO
L10-41300-29-0034	Modernización industria para melloras medioambientais, aproveitamento de subprodutos	6/03/2010	ARANGA
L10-41100-29-0035	Creación granxa cinexética para coellos de monte	24/03/2010	OZA DOS RÍOS
L10-41300-29-0036	Reforma de local para ampliar servizos	25/03/2010	BETANZOS
L10-41300-29-0037	Creación Centro de Día	07/04/2010	ABEGONDO
L10-41300-29-0038	Estudo de viabilidade dunha marca de calidade para planta ornamental Mariñas - Betanzos	15/04/2010	VARIOS
L10-41300-29-0039	Ampliación Centro de Día con zona de intervención multisensorial	27/04/2010	CULLEREDO
L10-41300-29-0040	Creación de restaurante en Velouzás	29/04/2010	PADERNE
L10-41300-29-0041	Creación Granxa Escola en Folgoso	05/05/2010	ABEGONDO
L10-41300-29-0042	Creación Estudo fotográfico	06/05/2010	COIRÓS
L10-41300-29-0044	Aula Net Cultura Aberta	07/06/2010	CARRAL
L10-41300-29-0046	Ampliación de Campo de Golf en Larín	08/06/2010	ARTEIXO
L10-41300-29-0048	Implantación plataforma de comunicación en distribuidora de alimentación	09/06/2010	SADA
L10-4100-29-0050	Recuperación de granxa para producir leite biosaútable, utilizando técnicas eficienciais sostibles	24/06/2010	MIÑO
L10-41300-29-0052	Reforma do pavillón para atención integral a persoas con parálise cerebral	30/06/2010	SADA
L10-41300-29-0054	Ampliación empresa adicada ó comercio por maior	30/06/2010	ARANGA
L10-41300-29-0057	Posta en marcha dun Laboratorio de Investigación para conservación e certificación raza Galiña Piñeira	16/07/2010	ABEGONDO
L10-41300-29-0058	Prestación de servizos de transporte adaptado	03/09/2010	OZA DOS RÍOS

Nº EXPTE.	TÍTULO	DATA	CONCELLO
L10-41300-29-0060	Ampliación servizos dun complexo deportivo	07/09/2010	CULLEREDO
L10-4100-29-0062	Implantación de maceiras para sidra	23/09/2010	ARANGA
L10-41300-29-0064	Implantación de novos servizos en Aspra	05/10/2010	CARRAL
L10-41300-29-0066	Ampliación Carpintería en Cañas	05/10/2010	CARRAL
L10-41300-29-0068	Creación Adega	15/11/2010	BETANZOS
L10-41200-29-0070	Modernización carpintería de madeira	18/11/2010	CARRAL
L10-41200-29-0072	Posta en valor das fontes do Concello de Abegondo	19/11/2010	ABEGONDO
L10-41200-29-0074	Posta en valor das fontes do Concello de Carral	19/11/2010	CARRAL
L10-41200-29-0076	Posta en valor das fontes do Concello de Cesuras	19/11/2010	CESURAS
L10-41300-29-0078	Ampliación negocio de reparación de motos e creación nova actividade de aluguer de motos	23/11/2010	CAMBRE
L10-41300-29-0080	Taller de reparación, aluguer e venda de bicicletas	02/12/2010	CAMBRE
L10-41300-29-0082	Modernización empresa protésico dental	27/12/2010	CARRAL

3.5. PROXECTOS APROBADOS POLA XUNTA DIRECTIVA DURANTE O ANO 2010

TÍTULO	CONCELLO	PROMOTOR	INVESTIMENTO	AXUDA
Restauración de ríos de lavar e mananciais	Oleiros	Concello de Oleiros	76.171,75 €	49.496,40€ (64,98%)
Papelería e servizos de fotocopiadora	Oza dos Ríos	Mónica Boedo	32.220,11 €	13.371,35€ (41,50%)
Zona recreativa e de ocio natural en Martinete	Betanzos	Arco da Vella, S.L.	585.788,21 €	200.000€ (40,75%)
Aula de informática no Centro Cultural de Cambás	Aranga	C. de Ancianos de Alto Xestoso – Cambás	108.521,58 €	79.329,27€ (73,10%)
Creación empresa integral de turismo e servizos de ocio	Culleredo	Mundo Ocio, S.L.	169.673,45 €	52.598,77€ (31,00%)
Ampliación e modernización de empresa de servizos no medio rural	Cambre	Sergio Ares	69.827,59 €	18.155,17€ (26,00%)
Nova Escola Infantil en A Lagoa - Maianca	Oleiros	Concello de Oleiros	355.274,60 €	156.320,82€ (44,00%)
Ampliación e modernización de servizos no sector forestal	Oleiros	José Manuel Cabana	74.210,41 €	20.876,97€ (28,12%)
Ampliación de refuxio de animais	Coirós	Gatocán	158.638,28 €	79.319,14€ (50%)
Ampliación para a mellora da xestión dun almacén de pinturas	Cambre	Pinturas y Distribuciones Proinde, S.L.	542.645,47 €	195.352,37€ (36%)
Proxecto divulgativo do sector lácteo	Miño	Coop. Agraria Provincia de A Coruña	133.779,67 €	60.200,85€ (45%)
Ampliación de serradoiro de madeira: construción de nave	Oza dos Ríos	Hermanos García Rocha, S.L.	40.905,73 €	12.885,30€ (31,5%)
Creación empresa adicada á perruquería	Cambre	Lucía Santiso	21.341,88 €	7.523,01€ (35,5%)
Modernización fábrica de madeiras	Aranga	Vales Coruña, S.L.	2.516.600,45 €	200.000€ (45%)
Creación dun centro de día no Concello de Abegondo	Abegondo	Hogar del Mayor Abegondo, S.L.U.	363.152,63 €	163.418,68€ (45%)

TÍTULO	CONCELLO	PROMOTOR	INVESTIMENTO	AXUDA
Melloras de local para ampliación de novos servizos	Betanzos	Cruz Vermella Española – Betanzos	131.585,28 €	60.950,30€ (46,32%)
Recuperación de granxa para producir leite biosaludable	Miño	Coop. Agraria Provincia de A Coruña	499.180,66 €	199.672,26€ (40,00%)
Mellora dunha explotación centro de produción e distribución da raza Galiña Piñeira	Abegondo	Fundación ACIVEGA	246.847,63 €	98.739,05€ (40,00%)

3.6. PROXECTOS APROBADOS. FONDOS EXECUTADOS NO ANO 2010

DENOMINACIÓN PROXECTOS APROBADOS NO ANO 2010	FONDOS CONCEDIDOS PROXECTOS	FONDOS EXECUTADOS ANO 2010	CERTIFICACIÓN/ ANTICIPO
L09-41300-29-002: Papelería e servizos fotocopiadora en Oza dos Ríos.	13.371,35	9.102,16	Certificación.
L09-41300-29-013: Zona recreativa e de ocio natural en Martinete (Betanzos).	200.000,00	99.528,06	Certificación: 9.528,06.-€ Anticipo: 40.000.-€
L09-41300-29-004: Creación empresa xestión turística, ocio. (Culleredo)	52.598,77	17.976,43	Certificación.
L09-41300-29-003: Ampliación e modernización de empresa de servizos no medio rural (Cambre)	18.155,17	18.155,17	Certificación final.
L09-41200-29-0011: Restauración de ríos de lavar e mananciais (Oleiros)	49.496,40	47.124,88	Certificación final.
L09-41300-29-0014: Ampliación para a mellora da xestión dun almacén de pinturas (Cambre)	195.352,37	140.766,69	Certificación.
L09-41300-29-0016: Aula informática no centro cultural de Cambás (Aranga)	79.329,27	66.264,83	Certificación.
L09-41300-29-018: Ampliación e modernización empresa servizos do sector forestal na comarca (Oleiros)	20.867,97	12.717,99	Certificación.
L10-41300-29-0025: Ampliación serradoiro de madeira (Oza dos Ríos)	12.885,30	12.885,30	Certificación final.
L10-41300-29-0027: Creación de perruquería e estética nos Campós (Cambre)	7.523,01	7.523,01	Certificación final.
L10-41300-29-0029: Proxecto integral, sostible e divulgativo do sector lácteo (Miño)	60.200,85	12.040,17	Anticipo.
L10-41300-29-0034: Modernización fábrica de madeiras (Aranga)	200.000,00	91.900,00	Certificación.
L10-41300-29-0036 Melloras de local para ampliación de novos servizos (Betanzos)	60.950,30	60.950,30	Certificación final.
L10-41100-29-0050: Recuperación granxa producir leite biosaludable (Miño)	199.672,26	151.887,61	Certificación: 11.660,81.€ Anticipo: 39.934,45.-€
IMPORTES TOTALES	1.269.142,07	768.570,41	

RESTAURACIÓN DE RÍOS DE LAVAR E MANANCIAIS

EXPEDIENTE: L09-41200-29-0011

ENTIDADE PROMOTORA: Concello de Oleiros

INVESTIMENTOS: Recuperación 8 ríos de lavar e mananciais

Orzamento: 76.171,75.-€

Axuda LEADER: 49.496,40.-€



DESCRICIÓN DO PROXECTO

O obxectivo desta iniciativa municipal foi recuperar oito mananciais e ríos de lavar ubicados nos núcleos de poboación de A Gándara, O Espiño, O Batán, O Couto, Lóngora (Vista Alegre), Vilanova, Broño e Aba, coa finalidade de permitir o desfrute e aproveitamento da auga, así como recuperar o patrimonio cultural ligado ós cauces fluviais.

A súa recuperación representa a posibilidade de achegar á cidadanía a estes lugares que forman parte da historia, e aproximando ó elemento auga e permitindo recuperar estes espazos para o ocio e o lecer.

AMPLIACIÓN SERRADOIRO DE MADEIRA

EXPEDIENTE: L10-41300-29-0025

PROMOTOR: Hermanos García Rocha, S.L.

CONCELLO: Oza dos Ríos

INVESTIMENTOS: Construción nave para almacenamento de madeira

Orzamento: 40.905,73.-€

Axuda LEADER: 12.885,30.-€



DESCRICIÓN DO PROXECTO

A entidade promotora Hermanos García Rocha, S.L., leva en funcionamento dende o ano 1956. É unha empresa de carácter familiar con 30 empregados, que se dedica á compra e transformación de madeira. Nos últimos anos ten emprendido un proceso de ampliación e modernización das instalacións para incrementar o valor engadido das producións do monte. Os investimentos que se teñen realizado coa axuda do Programa LEADER consistiron na construción dunha nova nave para almacenamento, acopio, clasificación e secado de madeira, permitindo así ofrecer un produto de maior calidade e homoxeneidade.

CREACIÓN DE PERRUQUERÍA E ESTÉTICA

EXPEDIENTE: L10-41300-29-0027

PROMOTORA: Lucia Santiso

CONCELLO: CAMBRE

INVESTIMENTOS: Equipamento, mobiliario e custos xerais

Orzamento: 21.341,88.-€ Axuda LEADER: 7.523,01.-€



DESCRIPCIÓN DO PROXECTO

A promotora ven traballando no sector da perruquería dende fai anos, atopándose no momento da solicitude en situación de desemprego.

Esta actuación consistiu na instalación dunha nova empresa no núcleo dos Campóns, dedicada á prestación de servizos de perruquería e estética, non existente ata agora. Se pode considerar que este é innovador, xa que no núcleo de poboación onde se ubica non existía a prestación deste servizo.

Con esta iniciativa téñense creado dous postos de traballo, o propio da promotora e o dunha muller máis a media xornada, contribuindo ó mesmo tempo a fixar poboación no rural.

AMPLIACIÓN EMPRESA DE SERVIZOS NO MEDIO RURAL

EXPEDIENTE: L09-41300-29-0003

PROMOTOR: Sergio Ares

CONCELLO: CAMBRE

INVESTIMENTOS: Compra dun tráctor para prestación de novos servizos.

Orzamento: 69.827,59.-€ Axuda LEADER: 18.155,17.-€



DESCRIPCIÓN DO PROXECTO

Esta actuación consistiu na ampliación dunha pequena empresa da parroquia de Brexo Lema (Cambre) especializada na prestación de servizos no medio rural, centrándose no sector forestal, limpeza de montes, recollida de lodos, rozas, regos, etc., a través da compra dun novo tráctor para realizar o servizo de recollida de lodos en canteiras, tanto a particulares como a empresas ou entidades da comarca.

Con esta nova actividade que desenvolve o promotor, un mozo menor de 40 anos se consolidará o seu propio posto de traballo.

MELLORAS DE LOCAL PARA AMPLIACIÓN DE NOVOS SERVIZOS

EXPEDIENTE: L10-41300-29-0036

PROMOTOR: Cruz Vermella Española – Asemblea Comarcal de Betanzos

CONCELLO: BETANZOS

INVESTIMENTOS: Obras e acondicionamento de local. Compra de mobiliario

Orzamento: 131.585,28.-€ Axuda LEADER: 60.950,30.-€



DESCRIPCIÓN DO PROXECTO

A Asemblea Comarcal de Betanzos ten recibido unha axuda do Programa LEADER para adaptar un novo local cedido polo Concello de Betanzos, para prestar novos servizos á poboación.

Téñense implantado novos servizos gratuítos, tales como: 1) Plan de socorro e emerxencias: realización de servizos de transporte sociosanitarios urxentes en coordinación co servizo autonómico 061; 2) Plan de intervención social: Actividades para os maiores con mobilidade reducida. Programa de envellecemento activo (PROGRAMA PASEA) para promover a actividade física e a alimentación saudable e deste xeito contribuír a mellorar a calidade de vida; 3) Servizo de apoio socioeducativo á infancia de colectivos en risco de exclusión, con actividades necesarias, como o exercicio físico e actividades lúdicas como o teatro e danza, entre outras; 4) Servizos de reforzo educativo e educación e integración social para nenos de etnia xitana; 5) Servizo de información integral ó inmigrante que necesite asesoramento nos ámbitos sociais, xurídicos ou de adaptación ó novo país.

Con esta novas actividades que desenvolve a Cruz Vermella, que se prestarán con persoal voluntario da Rede de Voluntariado, se consolidarán os empregos existentes, un a xornada completa e outro a media xornada.

3.7. ALEGACIÓNS MODIFICACIÓNS RÉXIME AXUDAS PROGRAMA LEADER

Dende AGADER tense enviado “Proposta de modificación do Réxime de Axudas LEADER” ós Grupos de Desenvolvemento Rural de Galicia coa finalidade de recoller suxestións.

En reunións de Xunta Directiva de Mariñas – Betanzos celebradas os días 08 e 11 de novembro de 2011, tense estudado este borrador, remitindo a AGADER as melloras que se consideraban de interese.

Estas suxestións poden consultarse no blogg: <http://gdr29.blogspot.com>

4. ASOCIACIÓN GALEGA DE GRUPOS DE DESENVOLVEMENTO RURAL DE GALICIA

A Asociación de GDRs de Galicia, constituída no mes de abril de 2008, xorde coma un resultado máis do proxecto de cooperación “Aprendendo da experiencia propia dos Programas de Desenvolvemento Rural” no que se avaliaron os impactos dos Programas de Desenvolvemento Rural (2000-2006), e con uns obxectivos definidos nos propios estatutos da Asociación e que ben se poderían resumir na idea da busca do desenvolvemento sostible e equilibrado do medio rural.

Durante este ano 2010 incorpóranse á Asociación o total de GDR’S de Galicia, proceso que culmina na Asemblea Xeral Extraordinaria celebrada o 9 de setembro de 2009, momento no que cristaliza o proceso por medio da adhesión dos últimos GDR da nosa Comunidade Autónoma, de tal xeito que queda constituída a única Rede Rural de ámbito autonómico que integra a todos os GDR.

A Asociación de GDRs de Galicia busca acadar o desenvolvemento do rural, facilitando a transferencia de información entre os GDRs e tamén cara os distintos actores que poidan estar implicados no proceso de desenvolvemento.

O día 22 de xuño de 2010 foron elixidos os membros electos da Xunta Directiva, quedando configurada do seguinte xeito:

Presidencia: Asociación “Mariñas - Betanzos” (A Coruña)

Vicepresidencia primeira: Asociación ADERCOU (Ourense)

Vicepresidencia segunda: Asociación O Salnés (Pontevedra)

Secretaría: Asociación Ancares - Courel (Lugo)

Tesourería: Asociación Ulla-Tambre-Mandeo (A Coruña)

Vogais: Asociación Mariña - Lucense (Lugo); Asociación Área Intermunicipal de Vigo-Baixo Miño (Pontevedra).

ALGUNHAS ACTIVIDADES REALIZADAS NO ANO 2010

- Reunión co Conselleiro de Medio Rural para trasladar a problemática actual dos Grupos.
- Creación dun foro en internet co obxecto de intercambiar ideas.
- Solicitude dun Axente de Emprego na Consellería de Traballo e incorporación en outubro do 2010
- Ingreso na REDER (Red Estatal de Desarrollo Rural) como entidade asociada, ocupando o Presidente posto de vogal na Xunta Directiva de REDER.
- Posta en marcha dun blogg e dun boletín electrónico da Asociación de GDR’s de Galicia.
- Visitas ós distintos GDR’s da Comunidade Autónoma para coñecer a problemática de cada Grupo.

Máis información: <http://asociaciongdrsgalicia.blogspot.com>



Reunión da Asemblea Xeral

5. CANDIDATURA PROGRAMA LIFE “XESTIÓN INTEGRADA DO LITORAL NO GOLFO ÁRTABRO”

No mes de setembro se ten remitido ó Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Marino unha solicitude ó Programa LIFE para o proxecto: **“GESTIÓN INTEGRADA DEL LITORAL EN EL GOLFO ÁRTABRO, COMO HERRAMIENTA PARA APLICAR LA DIRECTIVA MARCO DEL AGUA -GILGA PROJECT (2012-2015)”**.

Participan como socios nesta candidatura a Asociación Mariñas – Betanzos, Augas de Galicia, a Consellería do Mar, o INTECMAR, así como varias micropemes do sector.

OBXECTIVO XERAL:

Validar a metodoloxía de Xestión Integrada de Zonas Costeiras na posta en marcha do Programa de medidas do Plan Hidrolóxico emanado da Directiva Marco da Auga no litoral do Golfo Ártabro, incorporando outros compoñentes que permitan avanzar no desenvolvemento da Directiva Marco sobre a Estratexia Mariña.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

1. Realizar unha planificación racional das actividades conducentes o desenvolvemento sostible das zonas costeiras, garantindo que se teñan en conta no medio ambiente e as paisaxes de forma conciliada co desenvolvemento económico, social e cultural, apoiando a posta en marcha de accións piloto para a mellora da calidade das augas.
2. Preservar os espazos de maior interese ambiental das zonas costeiras, en beneficio das xeracións presentes e futuras, garantindo a preservación e integridade dos ecosistemas e paisaxes costeiros.
3. Prevenir e reducir os efectos dos riscos naturais e do cambio climático sobre as augas e ecosistemas, que poidan ser debidas a causas naturais ou humanas, coa realización de accións demostrativas que melloren a situación ambiental.
4. Garantir a coherencia das iniciativas públicas e privadas e entre todas as decisións das autoridades públicas en todos os niveis das administracións, que afectan á utilización da zona costeira.
5. Garantir unha gobernanza adecuada que permita unha participación suficiente, adecuada e oportuna, nun proceso de decisión transparente da poboación local e os sectores interesados nas zonas costeiras.
6. Elaborar indicadores e plan de seguimento para o monitoreo futuro da calidade da auga e ecosistemas, avanzando na aplicación da Directiva Marco sobre a Estratexia Mariña.
7. Optimizar e testar proxectos de desenvolvemento eco-compatibles.
8. Mellorar a formación e educación da poboación sobre a importancia do medio mariño e o seu patrimonio cultural asociado con accións de sensibilización, así como promover a identificación de novas liñas de investigación relacionadas co medio mariño.

Accións e medios:

A) ACCIÓN DIAGNÓSTICAS E PREPARATORIAS

A1 Plan de saneamento da ría Ares - Betanzos

A2 Plan de rexeneración medioambiental e posta en valor das concas públicas.

A3 Plan de monitorización das características físicas e químicas de la ría.

A4 Plan de monitorización: distribución espacio-temporal de especies pesqueiras.

A5 Plan de monitorización de contaminación de biota en moluscos bivalvos.

A6 Descrición de presións e impactos

A7 Preparación da información recompilada para a súa incorporación no Programa de Seguimento do proxecto.

A8 Análises económico e social da utilización do medio mariño na ría Ares - Betanzos e do custe que supón o seu deterioro.

A9 Estudio de rexeneración de hábitats produtivos

A10 Definición do bó estado e dos obxectivos ambientais na ría Ares - Betanzos

B) FASE DE IMPLEMENTACIÓN: ACCIÓNS DEMOSTRATIVAS

B1 Estudio de explotación sostible de plantas halófilas de interese alimentario

B2 Capacidade de biofiltración e rentabilidade do cultivo da alga mariña alimentaria *Saccharina latissima* (*Kombu de azúcar*) en cultivo en “long-line” en mar aberto.

B3 Rentabilidade económica e capacidade de biofiltración do cultivo en suspensión da alga mariña alimentaria (*Saccharina latissima* (*Kombu de azúcar*) en tanques en terra.

B4 Análises de poboacións de *Dioptra neapolitana* na Ría de Ares-Betanzos. Dinámica das súas poboacións e ensaios de cultivo para a xestión sostible do recurso.

B5 Desenvolvemento dun programa de seguimento e de xeración de medidas

B6 Actuación de mellora de bosques de ribeira no entorno do LIC Betanzos - Mandeo

B7 Recuperación ambiental do dominio público marítimo-terrestre a través dun corredor ecolóxico

C) PARTICIPACIÓN PÚBLICA E GOBERNANZA DO LITORAL

C1 Establecemento dunha mesa de participación activa na planificación integrada da xestión do litoral

C2 Establecemento dunha mesa de xestión dos usos do litoral cos stakeholders involucrados

D) ACTIVIDADES DE CONCIENCIACIÓN E EDUCACIÓN

D1 Declaración de novas figuras de protección ambiental

D2 Presentación e divulgación do proxecto

D3 Campaña de sensibilización social

D4 Recuperación e intercambio de patrimonio cultural mariñeiro

D5 Expert Meeting Life+ GILGA Project

D6 Coñecemento in situ de experiencias de interese

D7 Comunicación e sensibilización ambiental ás Pequenas e Medianas Empresas

D8 Estudio para posible catalogación como espazo protexido das áreas marítimo terrestres.

E) GESTIÓN DEL PROYECTO Y EVALUACIÓN.

E1 Auditoría financeira

E2 Avaliación externa de impactos e funcionamento

E3 Xestión e seguimento do proxecto

Resultados previstos ó final do proxecto

Mellora do coñecemento dos hábitats, as dinámicas do litoral ea os seus principais problemas ambientais, así como o impacto económico das actividades relacionadas; Deseño dun programa de xeración de medidas para mellorar a calidade de augas e hábitats, así como de su monitoreo e seguimento; Validación da metodoloxía de Xestión integrada de zonas costeiras, para implementar a Directiva Marco da Auga nas zonas do litoral; Recuperación de zonas ambientais de interese, incorporando a participación da poboación local neste proceso e ampliando as zonas protexidas; Reducir a vulnerabilidade da auga e os ecosistemas ós impactos do cambio climático e outras presións antropoxénicas; Validación de novos usos e aproveitamentos do litoral eco-compatibles; Constitución dunha “mesa de gobernanza do litoral” formada polos axentes involucrados; Mellora do coñecemento da poboación e das comunidades locais sobre o papel das rías como soporte de ecosistemas valiosos e como medio de desenvolvemento económico e cultural.

Esta previsto que a mediados do ano 2011 se resolva esta convocatoria.

6. RESERVAS DA BIOSFERA

Os Grupos de Desenvolvemento Rural (GDR) Mariñas-Betanzos, Euroeume e Comarca de Ordes teñen executando o proxecto de cooperación **“REDE DE ESPACIOS AMBIENTALMENTE COMPETITIVOS: CARACTERIZACIÓN MEDIOAMBIENTAL PARA IMPULSAR A COMPETITIVIDADE DAS ACTIVIDADES E PRODUTOS ASOCIADOS”**, proxecto financiado polo Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño correspondente á convocatoria 2009.

No ámbito deste proxecto, foi contratada á Universidade de Santiago de Compostela unha asistencia técnica, para identificar os recursos ambientais nos territorios de actuación, avaliar a viabilidade dunha declaración como Reserva de Biosfera e definir estratexias de valorización ambiental en cada territorio.

Froito deste proxecto, se ten decidido polos distintos GDR participantes continuar traballando nunha posible candidatura a Reserva de Biosfera.

Hai que destacar que este proceso de formulación debe contar coa implicación e participación dos distintos axentes locais (concellos, asociacións, técnicos, empresas, etc.), así como de expertos. O feito de traballar conxuntamente a nivel dos Grupos de Desenvolvemento Rural, polo feito de ser organizacións que conxugan intereses públicos e privados, facilitará aglutinar intereses, acompañar o proceso e asegurar a participación, aproveitando as sinerxías co Programa LEADER de desenvolvemento rural.

Estamos pois ante proxecto complexo pero que pode implicar unha importante mellora na calidade de vida para o futuro. Quédanos por diante un excitante e intenso traballo entre todos e todas nesta candidatura a Reserva de Biosfera da UNESCO, que busca conxugar a protección da natureza co desenvolvemento sostible dos nosos territorios, sendo sabedores de que é un proceso lento e non exento de atrancos.

QUE SON AS RESERVAS DE BIOSFERA?



As Reservas de Biosfera son “zonas de ecosistemas terrestres ou costeiro/mariños, ou unha combinación dos mesmos, recoñecidas no plano internacional como tales no marco do Programa sobre o Home e a Biosfera (MAB) da UNESCO” (*Marco Estatutario da Rede Mundial de Reservas de Biosfera*).

As Reservas de Biosfera son territorios preocupados por innovar e amosar que é posible compaxinar conservación ambiental e desenvolvemento sostible. Evidentemente, estes sitios atópanse baixo a xurisdición soberana dos Estados nos que se atopan situados, pero comparten as súas ideas e experiencias a nivel nacional, rexional e internacional no seo da Rede Mundial de Reservas da Biosfera da UNESCO.

O concepto Reserva de Biosfera comprende non só **resaltar os elementos naturais** existentes (ecosistemas, especies), senón tamén con idéntico nivel de prioridade, o **desenvolvemento de formas tradicionais de explotación sostible** dos recursos naturais.

CALES SON AS FUNCIÓNS DAS RESERVAS DE BIOSFERA?

As funcións que deben cumprir as Reservas de Biosfera veñen establecidas no artigo 3 do Marco Estatutario, así coma nas directrices da Estratexia de Sevilla (1995), aprobadas pola Resolución 28C/2.4 da Conferencia Xeral da UNESCO, e son as seguintes:


- **FUNCIÓN DE CONSERVACIÓN:** **protexer e manter en bo estado** os recursos xenéticos, as **especies**, os **ecosistemas** e as **paisaxes** de cada territorio.

- **FUNCIÓN DE DESENVOLVEMENTO: promover activamente un desenvolvemento económico e humano sostible**, desde os puntos de vista sociocultural e ecolóxico.
- **FUNCIÓN DE APOIO LOXÍSTICO: apoiar e alentar actividades de investigación, de educación, de formación e de observación** permanente, relacionadas coas actividades e/ou problemas de interese local, nacional ou mundial, encamiñadas á conservación e ao desenvolvemento sostible.

Máis información: <http://www.reservabiosfera.blogspot.com/>

ALGUNHAS PROPOSTAS PARA O TERRITORIO MARIÑAS-BETANZOS:

O territorio proposto como Reserva de Biosfera, coincide practicamente co territorio de Mariñas – Betanzos, tería unha superficie de 808,6 km², comprendendo os municipios de Abegondo, Aranga, Bergondo, Betanzos, Cambre, Carral, Cesuras, Coirós, Culleredo, Irixoa, Miño, Oleiros, Oza dos Ríos, Paderne e Sada.



Mapa de localización e territorio proposto como Reserva de Biosfera. Fonte: Elaboración propia (LaboraTe - USC).

Este ámbito territorial tense establecido tomando como referencia as **cuncas do río Mandeo e Mero**. Estes cursos fluviais e os seus tributarios, ademais de estruturar e vertebrar o territorio, concentran unha grande biodiversidade, presentando hábitats e especies de alto interese, e asegurando estratexicamente a conectividade ecolóxica.

Si ben, o municipio de Oleiros e Sada non pertencen a esta conca, propónse a súa inclusión tendo en conta a **conectividade que ofrece a Ría de Betanzos dende o LIC Betanzos-Mandeo ata o LIC Costa de Dexo**. O Plan de Ordenación do Litoral de Galicia propón ámbitos de protección ecolóxica, que aínda non respondendo a superficies continuas, preservarán a funcionalidade dos ecosistemas e proporcionarán a conectividade con outros hábitats. Neste sentido, as oportunidades que ofrece este espazo marítimo-costero (Ría de Betanzos) son parte importante da futura Reserva MaB.

Nas Xornadas da reserva da Biosfera promovidas polo G.D.R. Mariñas-Betanzos e que se desenvolveron o 28 e 29 de maio de 2010 no Edificio sociocultural de A Senra (Concello de Bergondo) participaron e se trataron os seguintes temas:

MESA I.-O PROGRAMA MAB E A REDE ESPAÑOLA DE RESERVAS DA BIOSFERA: OBXECTIVOS E FINALIDADES:

- Dña. NATALIA BELTRÁN DÍAZ. Xefa do Servizo do Programa MaB. Organismo Autónomo de Parques Nacionais e Dña. CRISTINA HERRERO MOLINA. Técnico do Servizo MaB.
- D. PABLO RAMIL REGO. Director del IBADER (Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural) e membro do Comité Español do Programa MaB.

MESA II. AS RESERVAS DE BIOSFERA: OPORTUNIDADES PARA O DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE.

- D. ROGELIO FERNÁNDEZ DÍAZ. Subdirector Xeral de Espazos Naturais e Biodiversidade. Consellería do Medio Rural. Xunta de Galicia.
- D. JAVIER MARTÍN HERRERO. Subdirector Adxunto de Desenvolvemento Sostible do Medio Rural. Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño.
- D. BERNARDO VARELA LÓPEZ. Concelleiro de Medio Ambiente de Allariz.

MESA III. LAS RESERVAS DE BIOSFERA: EXPERIENCIAS DE HOE, MODELOS DE FUTURO.

- D. TOMÁS RUEDA GAONA. Coordinador da Reserva de Biosfera “Sierra de las Nieves”.
- Dña. JOANA BARBER ROSADO. Directora da Reserva de Biosfera de “Montseny”.
- Dña. LAURA VÁZQUEZ JANEIRO. Coordinadora da Reserva de Biosfera “Terras do Miño”.

MESA IV. AS RESERVAS DE BIOSFERA: DIFERENCIACIÓN E EXPERIENCIAS EXITOSAS.

- D. SANTIAGO CARO QUINTANA. Coordinador da Reserva de Biosfera de “Gran Canaria”.
- Dña. SUSANA GÓMEZ URIZARNA. Dirección Xral. De Calidade Ambiental e Auga de La Rioja.
- D. JON ASUA ABERASTURI. Arquitecto da Oficina Técnica da Reserva de Biosfera de “Urdaibai”.

MESA V. RESERVAS DE BIOSFERA E IMPULSO DO DESENVOLVEMENTO LOCAL.

- D. JOSÉ ÁNGEL PÉREZ GARCÍA. Alcalde de Castropol. Reserva de Biosfera de “Río Eo, Oscos y Tierras de Burón”.
- Dña. REGINA POLÍN RODRÍGUEZ. Alcaldesa de Guitiriz. Reserva de Biosfera de “Terras do Miño”.
- D. JESÚS PIERNA CHAMORRO. Coordinador da Reserva de Biosfera de “Sierras de Béjar e Francia”.



7. PROGRAMAS COOPERACIÓN CON OUTROS GRUPOS DE DESENVOLVEMENTO RURAL

PROXECTO DE COOPERACIÓN “NOVOS HORIZONTES”:

A Asociación Comarca de Ordes ten presentado ante o Ministerio como Grupo Coordinador o proxecto de cooperación interterritorial **“NUEVOS HORIZONTES: impulsar iniciativas de emprego a través de la puesta en valor de terras agrarias, mediante la recuperación del patrimonio genético vegetal y el fomento de nuevas producciones demandadas por los mercados”** aprobado na convocatoria do ano 2010 para a súa execución durante os anos 2010 a 2013 (Fase de Asistencia Técnica: ano 2010 e Fase de Execución: anos 2011 a 2013), e conta coa participación de 12 grupos españois asociados:

GALICIA: Comarca de Ordes, Mariñas – Betanzos, Euroeume, Comarca de Bergantiños, Terras de Lugo, Terras do Deza, Costa Noroeste, Ancares-Courel, O Salnés, Monteval.

ASTURIAS: Navia-Porcía, Bajo Nalón

INTRODUCCIÓN: Un fenómeno común e que xera gran preocupación en todos os territorios participantes neste proxecto é o abandono de terras con vocación agraria e a desaparición de pequenas e medianas explotacións agrícolas. Si a isto se engade a crise de prezos que está sufrindo o sector, debida ós baixos prezos da leite e o incremento do custo de insumos, así como a caída de prezos de outros produtos agrarios, se visualizou a necesidade de actuar profundamente en busca dunha introdución de cultivos complementarios que poidan axudar a incrementar as rendas destas persoas dedicadas á agricultura e gandería, pola vía da diversificación.

Por outra parte nos últimos anos, diversas producións tradicionais (trigo, repolo, grelos, cerdeira, nogueira, castiñeiro, mazá, trufa, oliveira, bimbio, etc.) amosaron unha mellor adaptación a cada territorio, e isto tense traducido nunha menor demanda de insumos e dos recursos agotables (fitosanitarios, agua, fertilizantes, etc.), ademais de atopar nichos de mercados, pequenos pero incipientes.

Existen cultivos como lúpulo, physalis, kamut, trigo sarraceno, espelta, quinoa, etc., que sendo novedosos en moitos territorios, amosaron ter un especial interese económico debido ás posibilidades que ofrecen os mercados especializados e a demanda xa existente na actualidade. Nestes casos, os procesos de ensaio, investigación e transferencia deben xogar un importante papel para a súa optimización e difusión como alternativas.

A dificultade para acceder a terras agrarias ten sido outra das principais dificultades para conseguir explotacións sostibles e economicamente viables, así como unha das principais barreiras para a incorporación de mozos, mulleres e desempregados á actividade agraria.

Os territorios participantes neste proxecto han detectado a necesidade de articular metodoloxías de traballo, que favorezan a participación dos axentes participantes neste proceso: os que están realizando investigación agroforestal, os da cadea de produción, agricultores, propietarios de terras, extensionistas, transformadores e comercializadores, e os propios Grupos de Desenvolvemento Rural como animadores do proceso, coa intención de incorporar activos á actividade agraria xerando novos empregos.

Por outra parte, os Grupos de Desenvolvemento Rural están chamados a desempeñar un papel clave como axentes dinamizadores en todo este proceso: facilitando os procesos de mobilidade de terras; acompañando a posta “en mercado” de terras ociosas e animando a súa posta en produción; poñendo en contacto a novos agricultores co sector e facilitando a súa incorporación; coordinando coas axencias de extensión agraria demandas de formación; facilitando os encontros entre axentes; favorecendo mecanismos de encontro para viabilizar aspectos comerciais.

OBXECTIVO XERAL: Identificar, ensaiar e difundir cultivos tradicionais e novas producións que poidan xerar emprego agrario, conectando estas producións con demandantes de emprego e cos mercados obxectivo.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

1. Identificar e avaliar conxuntamente entre os Grupos asociados, producións tradicionais e novos cultivos con potencial en cada territorio, en función das súas propiedades nutricionais, terapéuticas, cosméticas ou textiles.
2. Optimizar en campo procesos produtivos e estudar vías de comercialización dos cultivos identificados, definindo os seus parámetros de produción e intereses no mercado.
3. Identificar conxuntamente entre os Grupos unha “bolsa” de terras ociosas, susceptibles de poner en produción, animando a súa mobilidade usando como ferramenta os Bancos de Terras.
